

SESION ORDINARIA DE 30 DE ABRIL DE 2019

(Acta Número 05)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretaria:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de abril de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa a Secretaria D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISION DE XESTIÓN TERRITORIAL

**2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NÚM. 1 AO CATÁLOGO DE ESTRADAS
DESTA DEPUTACIÓN DE DATA OUTUBRO 2017, CONSISTENTE NA
ACTUALIZACIÓN A ABRIL 2019 E NA CATEGORIZACIÓN COMO “REDE LOCAL”
PARA APLICACIÓN DA REDUCIÓN DA LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN
ESTABLECIDA POLA NOVA REDACCIÓN DA LEI 8/2013 DE ESTRADAS DE
GALICIA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 17 de abril de 2019 que di:

“A *Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas* establece no seu artigo 15 a modificación da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia* (LEG 8/2013) no referente á liña límite de edificación nos seguintes termos:

Artigo 15. Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 41 queda coa seguinte redacción:

«1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) 50 metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) 15 metros no caso de estradas convencionais.

No caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e nel se categoricen funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, segundo o establecido no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

Esta disposición habilita a posibilidade de permitir a redución da liña límite de edificación, establecida con carácter xeral pola LEG 8/2013 a 15 metros de distancia do borde da calzada, a un valor de 7 metros para aquelas estradas que se categoricen como pertencentes á “Rede local” segundo o establecido nos artigos 32 e seguintes do *Regulamento xeral de estradas de Galicia* (RXEG 66/2016) que se transcriben a continuación:

Artigo 32. Categorías funcionais das estradas

1. O Plan director de estradas de Galicia categorizará funcionalmente as estradas en tres redes:

a) Rede estruturante.

b) Rede complementaria.

c) Rede local.

2. A inclusión de cada estrada nunha rede deberá fundamentarse na categoría dos núcleos urbanos ou centros de actividade a que serve, así como na función que desempeñe en relación coa ordenación do territorio e o sistema de transporte.

3. A categorización funcional das estradas é independente da súa titularidade.

Artigo 33. Rede estruturante

A Rede estruturante está formada polos grandes eixes que, xunto coa rede Rede de estradas do Estado, vertebran o territorio, o conectan coas redes de estradas da República Portuguesa e das comunidades autónomas de Asturias e Castilla y León e relacionan entre si:

- a) Os espazos urbanos.
- b) Os nodos do sistema urbano intermedio.
- c) Os aeroportos e portos de interese xeral do Estado.

Artigo 34. Rede complementaria

1. A Rede complementaria está formada polas estradas que, xunto coa Rede de estradas do Estado e a Rede estruturante, conectan os nodos para o equilibrio do territorio entre si e coas anteditas redes.

2. Formarán tamén parte da Rede complementaria aquelas estradas que, sen formar parte da Rede de estradas do Estado ou da Rede estruturante, constitúan o principal acceso:

a) Aos parques empresariais de carácter estratéxico e parques empresariais de influencia supracomarcal previstos na planificación sectorial de áreas empresariais de Galicia.

b) As estacións de ferrocarril de alta velocidade, cando se sitúen en núcleos de poboación aos cales non se acceda a través doutras estradas da Rede de estradas do Estado ou da Rede estruturante, ou fóra da rede de vías urbanas dos núcleos de poboación.

Artigo 35. Rede local

1. A Rede local está formada por todas as estradas non incluídas na Rede de estradas do Estado, na Rede estruturante ou na Rede complementaria.

2. En particular, formarán tamén parte da Rede local aquelas vías que, sen formar parte da Rede de estradas do Estado, da Rede estruturante ou da Rede complementaria, constitúan o principal acceso a:

a) Concellos que non dispoñan de acceso a través doutras estradas.

b) Parques empresariais de rango comarcal, plataformas loxísticas, parques especializados e parques tecnolóxicos orientados á innovación, desenvolvemento e investigación previstos na planificación sectorial de áreas empresariais de Galicia.

c) Portos de titularidade autonómica, estacións de ferrocarril convencional e estacións intermodais, cando se sitúen en núcleos de poboación aos cales non se acceda a través doutras estradas ou fóra da rede de vías urbanas dos núcleos de poboación.

d) Equipamentos colectivos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos, administrativos e recreativos de carácter supralocal, cando se sitúen en núcleos de poboación aos cales non se acceda a través doutras estradas ou fóra da rede de

O Plan Director de estradas de Galicia, ao cal atribúe o artigo 32 do RXEG 66/2016 a capacidade de categorizar funcionalmente as estradas, non ten sido aprobado a día de hoxe.

Porén, a actual redacción do artigo 41 da LEG 8/2013: “No caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e nel se categoricen funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, segundo o establecido no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia”, xunto co disposto no punto 3 do artigo 21 do RXEG 66/2016 que establece: “As entidades locais aprobarán os catálogos das estradas da súa titularidade e os inventarios de travesías correspondentes, así como as respectivas modificacións e actualizacións” veñen a facultar á administración local para a categorización das estradas das que é titular.

Polo Pleno desta Deputación en sesión celebrada en 28 de novembro de 2017 adoptouse o seguinte acordo: “Aprobar a documentación correspondente ao Catálogo e Mapa de estradas provinciais para os efectos previstos no Regulamento Xeral de estradas de Galicia”, documentación que incluía, en soportes papel e dixital, os seguintes datos de cada unha das estradas de titularidade desta Deputación: identificación por código, denominación, puntos inicial e final de cada un dos treitos, lonxitude e representación gráfica.

Do exposto dedúcese que para a aplicación da redución da liña límite de edificación requírese dispoñer dun catálogo de estradas aprobado no que se categoricen funcionalmente estas en Rede estruturante, Rede complementaria e Rede local, aspecto que non estaba recollido no catálogo aprobado en 28/11/2017 polo que propónse a súa modificación.

A efectos da categorización das estradas, dado o carácter residual que o artigo 35 do RXEG 66/2016 atribúe á Rede local que “está formada por todas as estradas non incluídas na Rede de estradas do Estado, na Rede estruturante ou na Rede complementaria”, e posto que ningunha das

estradas desta Deputación reúne os requisitos establecidos nos artigos 33 e 34 do RXEG 66/2016 para poder ser incluída nas Redes estruturante ou complementaria, séguese que actualmente todas as estradas de titularidade desta Deputación poden ser incluídas no catálogo como pertencentes á “Rede local” resultando aplicable a todas elas a redución da liña límite de edificación derivada da nova redacción do artigo 41 da LEG 8/2013.

Posto que tamén debe figurar no catálogo o dato referente á clasificación das estradas segundo dispón o artigo 5 do RXEG 66/2016: *“As estradas clasifícanse, en atención ás súas características técnicas, en autopistas, autovías, vías para automóbiles e estradas convencionais”*, corresponderá que todas as estradas desta Deputación se inclúan na clase de “estradas convencionais” en aplicación do disposto no artigo 9 do RXEG 66/2016.

Con obxecto de analizar as repercusións que terá a aplicación da mencionada redución da liña límite de edificación nas estradas provinciais, resulta útil facer referencia aos réximes establecidos polas sucesivas leis de estradas.

A *Lei 6/1983, do 22 de xuño, de limitacións na propiedade nas estradas non estatais de Galicia* (en adiante LEG 6/1983), publicada no DOG nº 88 de 19/07/1983, clasificaba as estradas en tres Redes: Primaria, Secundaria e Terciaria, e establecía nelas a liña límite de edificación ás distancias respectivas de 15,50 metros, 13,50 metros e 10 metros medidos “desde o eixe de trazado da vía”, o que determinaba unha liña de edificación homoxénea e paralela ao eixe da vía, e correspondendo ás estradas desta Deputación, como Rede Terciaria, a liña de edificación paralela ao eixe da vía á distancia de 10 m.

A posterior *Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia* (LEG 4/1994), publicada no DOG nº 210 de 31/10/1994, modificou o anterior réxime clasificando as estradas en tres Redes: Primaria Básica, Primaria Complementaria e Resto de estradas, e establecendo nelas a liña límite de edificación ás distancias respectivas de 12 metros, 9,50 metros e 7 metros medidos “desde a aresta exterior da explanación da vía”, punto que corresponde ao borde exterior da cuneta ou noiro, resultando así unha liña de edificación de trazado irregular, posto que a transición de desmonte a

terraplén e a diferente amplitude do noiro derivada do relevo do terreo fan variar en cada punto a anchura da “explanación da vía”.

Por esta razón o Servizo de Vías e Obras viña precisando entón nos informes de autorización de obras nas marxes das estradas que a liña límite de edificación debería resultar a distancia non inferior a 11 metros do eixe da vía, considerando un ancho desexable de 3 metros para o carril de calzada e 1 metro como mínimo para o paseo e cuneta aos que se engadirían os 7 metros establecidos pola Lei 4/1994 para o Resto de estradas.

A primeira redacción da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia* (LEG 8/2013) publicada no DOG nº 210 de 12/07/2013 cambiou novamente os criterios de fixación da liña límite de edificación en canto ao punto desde o que se mide a distancia e tamén o seu valor, unificando a distancia da liña límite de edificación para todas as estradas convencionais na cifra de 15 metros medidos desde a “liña exterior de delimitación da calzada”, é dicir, desde a liña branca de borde de calzada, co que resultaba unha liña de edificación homoxénea e paralela ao borde da vía moito máis separada que co anterior réxime da LEG 4/1994.

En relación con dita determinación da LEG 8/2013 cómpre sinalar que esta Deputación concorreu no trámite de consulta que fora notificado mediante escrito RXE nº 3.343 de 27/01/2012 do secretario xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo que se comunicaba a apertura dun prazo de 15 días para formulación de proposicións ou suxestións sobre o documento do *Borrador do Anteproxecto de Lei de Estradas de Galicia*, trasladando o informe emitido por este Servizo de Vías e Obras sobre os aspectos que se consideraba que incidían de sobre a rede viaria desta Deputación e formulando suxestións que non foron tidas en conta na redacción do texto legal aprobado.

A recente modificación da redacción da LEG 8/2013 pola *Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas* veu a introducir a posibilidade de redución da distancia da liña límite de edificación de 15 a 7 m nas estradas que sexan categorizadas como “Rede local” no catálogo de estradas que aprobe a súa administración titular, o que supón que a nova liña de

edificación reducida resultará paralela ao borde de calzada a unha distancia que é inferior á metade da hasta agora vixente segundo a primitiva redacción da lei.

A nova liña de edificación reducida tamén resultará máis próxima á estrada que a liña que establecía a anterior LEG 4/1994 en canto esta medía a distancia de 7 metros “desde a aresta exterior da explanación” da vía mentres que a actual modificación da LEG 8/2013 mide a distancia de 7 metros “desde a liña exterior de delimitación da calzada”, resultando que entre ambas liñas haberá a diferenza correspondente á anchura total de beiravía, berma, cuneta e noiro de desmonte ou terraplén, diferenza que resultará de valor variable pero sempre superior a 1 metro, segundo o establecido polo artigo 11 do RXEG 66/2016.

A aplicación ás estradas de titularidade desta Deputación do criterio de medición da distancia “desde o borde da calzada” que establece a LEG 8/2013 presenta o problema de que moitas estradas ou treitos delas non contan actualmente co ancho de 3,00 m para o carril de circulación que, con carácter de mínimo, establece a *Norma 3.1 – IC Trazado de la Instrucción de Carreteras del Ministerio de Fomento* no seu apartado 7.3. *Sección transversal en planta*, polo que tal valor debe ser adoptado como límite inferior a respectar en todo caso con obxecto de non hipotecar o futuro ensanche de ditas estradas ao tempo que se garante a uniformidade da liña de edificación resultante entre os treitos que xa foron obxecto de ensanche e aqueles outros nos que aínda non se procedeu á mellora do seu trazado.

Adoptando dito valor de 3 metros como mínimo desexable para o carril de circulación nas vías provinciais, a aplicación do disposto na nova redacción do artigo 41 da LEG 8/2013 para a fixación da liña límite de edificación nas estradas da Rede local producirá o resultado de que a liña de edificación se fixe a distancia en todo caso non inferior a 10 m do eixe, o que viría a coincidir coa liña de edificación que establecía a primeira lexislación autonómica de estradas, *Lei 6/1983, do 22 de xuño, de limitacións na propiedade nas estradas non estatais de Galicia*, para a liña de edificación nas estradas da entón Rede Terciaria.

Isto sen prexuízo das posibles excepcións ao carácter xeral desta disposición previstas no mesmo artigo 41 da LEG 8/2013, así como da cautela establecida no apartado 2, no senso de que a liña límite de edificación resulte en todo caso exterior á zona de servidume.

En consecuencia este Servizo de Vías e Obras considera que, para a aplicación ás estradas de titularidade desta Deputación da redución da liña límite de edificación á distancia de 7 metros medidos desde o borde da calzada nas estradas da rede local que estableceu a nova redacción da LEG 8/2013, en virtude da potestade regulamentaria desta Deputación debe establecerse unha cláusula adicional no senso de que a liña límite de edificación debe resultar ademais fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 metros do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución da liña límite de edificación aplicable nos treitos urbanos conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013”.

Por todo o que antecede proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar a Modificación número 1 ao documento de título “Catálogo Rede Viaria Deputación de Lugo. Outubro 2017” aprobado por acordo do Pleno desta Deputación en sesión celebrada en 28 de novembro de 2017, consistente na súa actualización á data Abril 2019 segundo o Anexo de cesións e incorporacións de treitos e estradas, así como na aplicación a todas as estradas de titularidade actual desta Deputación da súa clasificación como “estradas convencionais” e da súa categorización como “Rede local”, non sendo categorizada ningunha estrada como pertencente á Rede estruturante nin á Rede complementaria, aos efectos previstos na Lei e no Regulamento xeral de estradas de Galicia.

2º.- En aplicación do previsto no punto 4 do artigo 21 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, comunicar á Consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas a aprobación da presente Modificación número 1 ao documento “Catálogo Rede Viaria Deputación de Lugo. Outubro 2017” que fora aprobado en 28 de novembro de 2017.

3º.- Adoptar o seguinte criterio adicional para a aplicación da nova redacción do artigo 41 da LEG 8/2013 ás estradas de titularidade desta Deputación unha vez categorizadas como Rede Local: *“A liña límite de edificación se situará cando menos á distancia de 7 metros do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 metros do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos de estrada conforme ao previsto no artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia”*.

Logo de ver así mesmo que a Comisión Informativa de Xestión Territorial, por maioría, coa abstención da Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, emite informe favorable e propón ao Pleno a súa aprobación se procede.

Intervén o Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“A Lei 3/2018 do 26 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas, establece no seu artigo 15 a modificación da Lei 8/2013 de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, no referente á liña límite de edificación nos seguintes termos: “no caso de que unha Administración teña aprobado o catálogo da súa rede e nel se categoricen funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, segundo o establecido no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso de estradas da rede estruturante e da rede complementaria, e 7 metros para as estradas da rede local”. Considerando que as nosas estradas son todas da rede local, pasaría de ter unha distancia de 15 metros como viña tendo ata agora a 7 metros.

Por tanto a proposta que se trae ó Pleno é aprobar a modificación número un ó documento do título Catálogo da Rede Viaria da Deputación de Lugo de outubro de 2017, aprobado polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 28 de decembro de 2017, consistente na súa actualización á data de abril de 2019, segundo o anexo de cesións e incorporacións de teitos de estradas que se adxunta, así como a aplicación a tódalas estradas de titularidade actual desta Deputación da súa clasificación como estradas convencionais e a súa categorización como rede local, non sendo

categorizada ningunha estrada como pertencente á rede estruturante nin á rede complementaria aos efectos previstos na Lei e Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por iso, se vostedes o teñen a ben e votan a favor, pasaríamos á redución deses quince metros a sete metros, que en estradas que non teñen os tres metros de carril pasarían a contabilizarse dez metros dende o eixo da estrada, en previsión de que eses tres metros entre os sete e os dez desa carretera xa quedara contemplado de xeito que despois a edificación que se contruíra nesa liña dos dez metros no futuro ensanche non quedase fóra de ordenación.

Isto é o que traemos ao Pleno e o que propoñemos para a súa aprobación”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para manifestar que renuncia ao primeiro turno.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Vaia por diante que o noso sentido do voto vai ser favorable; pero, aproveitando a análise da modificación que hoxe nos traen a Pleno, nos gustaría facer dúas reflexións.

En primeiro lugar o que se pretende despois da Lei 3 de 2018 que modifica ese artigo 41, que establecía unha liña límite de edificación para as estradas convencionais a unha distancia de 15 metros, que queda a posibilidade de reducir a sete, e co informe que vostedes nos aportan aplicamos esta posibilidade.

Creo que neste punto procede reflexionar sobre que vías ten a Deputación; é sabido que a Rede Viaria Provincial é das máis extensas de España, se non é a máis extensa; pero tamén é sabido as reivindicacións que este Grupo leva facendo nalgúns delas, porque evidentemente non todas son da mesma categoría, algunhas son vías absolutamente estruturais e que vertebran comarcas e comunican distintas capitais de comarca cunha afluencia de tráfico moito maior ca outras que poderían ser perfectamente municipais e con escasa afluencia de tráfico.

É tamén coñecido que nos últimos tempos a anchura destas estradas foi moi criticada por Alcaldes, por Voceiros, incluso por este Grupo, porque algunhas delas, sobre todo esas que teñen unha maior afluencia de tráfico, a anchura tan reducida afecta á seguridade, e en zonas forestais e agrícolas practicamente impide a circulación con seguridade de vehículos que son asíduos das estradas con turismos, e incluso podo falar polo meu termo municipal nalgũa delas incrementando a sinistralidade, porque se mellorou o firme e iso tende a que se incremente a velocidade, e a anchura da vía é francamente insuficiente e incluso perigosa. Por tanto procede neste punto, e agora que estamos a piques de rematar o mandato, seguir reivindicando que na mellora das infraestruturas se planifique unha anchura suficiente, e aínda hai pouco tivemos a asistencia a un pleno do setor forestal que tamén eran uns dos que reivindicaban a posibilidade de facer máis anchura de vía, sen máis obxectivo que restablecer a seguridade.

A maiores diso, e tamén facendo un apunte en positivo desta mellora, e se temos en conta que unha importante porcentaxe de quilómetros das estradas provinciais contan cunha anchura de calzada de seis metros, con importantes seccións de arcén, cuneta e taludes, e de moitas destas estradas non foron adquiridas pola Deputación os terreos que puideran corresponder ó que define a Lei 8/2013 do dominio público adxacente; entón esa franxa de terreo de dous metros de anchura a partires do terreo adquirido como dominio público para a construción da estrada supón que esa zona de servidume a cada lado da estrada comece xusto no borde exterior da explanación, e deste xeito podería interpretarse que moitas estradas cunha sección de tres metros de carril máis os tres metros e medio de arcén, cuneta e noiro, estaríamos incluso podendo chegar a autorizar construcións a tres metros e medio; creo que iso é positivo tendo en conta as reivindicacións que nos demandan especialmente os nosos veciños e veciñas.

Si é verdade, como dixemos na Comisión Informativa, que demandabamos que esa catalogación de estradas, aínda que aí pode haber criterios técnicos distintos, pero especialmente que fixeramos unha catalogación realmente axeitada á situación da provincia. Non obstante, nós anunciámoslle o noso voto favorable, con esa reivindicación, que eu creo que procede que temos que seguir loitando por que aquelas estradas con maior tráfico e que comunican capitais de

comarca teñan unha anchura como os veciños demandan e que eu creo que como a seguridade merece”.

Seguidamente intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Agradecendo de antemán ese apoio do Grupo Popular a esta iniciativa, dicir que eses sete metros que van dende a arista exterior da carretera ata a liña de edificación no caso das estradas que teñen menos anchura tómase o eixo como referencia e súmanse tres metros máis ó que é a liña de edificación, co cal se esa estrada se ampliara no caso de que esa demanda de tráfico ou as circunstancias así o esixan sempre teremos salvagardado ese carril de tres metros en cada sentido para que se poda circular libremente.

Non obstante gustárame poñer en valor o que representa esta medida porque cando iso se fixo ó revés e se pasou ós 15 metros había unha serie de edificacións que se fixeron nos bordes das estradas que, onde despois se aprobou o Plan de Ordenación Municipal, ó retranquealas a 15 metros quedaron todas esas edificacións fóra da ordenación, e o lóxico é que se unha edificación se constrúe coas debidas licenzas nunca quede fóra da ordenación; e isto posibilita que naqueles casos en que os propietarios tivesen a súa vivenda en situación de fóra de ordenación agora mesmo volvan telas dentro desa ordenación.

Eu entendo que esta é unha medida favorable, e seguiremos loitando para que no futuro as estradas estean dotadas dos anchos e dos firmes suficientes para que a demanda actual poda ter cumprida satisfacción precisamente porque as carreteras se fan tal e como se deben facer”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Simplemente para agradecer ó Servizo de Vías e Obras que teña rematado un proceso que se iniciou hai tempo, de feito en outubro do ano 2017 foi cando se acordou por esta Deputación, co voto favorable deste Deputado, o Catálogo da Rede Viaria da Deputación de Lugo; e obviamente anunciar o meu voto a favor”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para anunciar o voto favorable a esta proposta.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Xa lle anuncie o voto favorable na primeira intervención, e tamén puntualizo que esta modificación afecta só a terreo rústico, co cal aínda segue habendo reivindicacións de edificacións en solo urbano; quero dicir que é unha medida de menos alcance do que puidera parecernos, pero aínda así a nosa valoración é positiva”.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

--oo0oo--

3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE APLIQUE CRITERIOS OBXECTIVOS NA DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI: Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo

Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que aplique criterios obxectivos na distribución orzamentaria

Exposición de Motivos

Dende mediados do 2016, vimos observando unha dinámica financeira da Xunta de Galicia que discrimina a moitos dos concellos da provincia de Lugo e da comunidade autónoma que non son gobernados polo Partido Popular.

O goberno do Sr. Feijoo ven demostrando durante case tres anos que descoñece o reparto obxectivo de fondos, algo que cada vez máis entidades públicas están a realizar.

Este feito é comprobable gracias ao portal web da Xunta de Galicia que amosa o Rexistro de Convenios que son asinados en cada anualiade.

A pesares das dificultades que ofrece este portal para poder filtrar a información da base de datos asociada, pódense extraer con moita paciencia os resultados que amosan claramente a distribución orzamentaria que leva asociada a tendencia partidista do goberno autonómico e que perxudica a gran parte da poboación lucense.

Dende o Partido Socialista, consideramos que despois de case tres anos a Xunta de Galicia debería atender a criterios obxectivos no reparto dos fondos públicos que aseguren unha distribución equilibrada en función das condicións socioeconómicas actuais da nosa provincia e comunidade autónoma.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que estableza uns criterios de reparto de fondos en base a criterios obxectivos que atendan á situación socioeconómica actual da Provincia de Lugo e de Galicia, en prol de evitar o reparto clientelar actual”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Abordamos agora unha cuestión que é reiterativa pola temática, pero que debemos abordala cada vez que coñecemos novos datos e cada vez que se avalía o comportamento do Goberno da Xunta de Galicia en relación cos concellos, e cos instrumentos para habilitar recursos a estes para que desenvolvan diferentes investimentos ou iniciativas; e cada vez que o avaliamos redescubrimos ou constatamos o uso partidista que dende a Xunta de Galicia se está facendo dos recursos, do Orzamento, de tódolos galegos e galegas; aparte de que semella que xa os publican por obriga non por transparencia, e da dificultade que leva facer a análise, e cando se fai a información publicada no portal web da Xunta de Galicia que amosa ese rexistro de convenios que son asinados en cada anualidade, atopámonos con que entre os anos 2016 e 2018 o 80% do diñeiro que se adicou a convenios con concellos na provincia de Lugo por parte da Xunta de Galicia foron para concellos gobernados polo Partido Popular, quedando un 20% restante para os concellos gobernados por outra opción política; pero tampouco se fixeron os convenios con tódolos concellos da provincia.

Iso significa que ó final de máis de vinte millóns de euros uns concellos, os que son da mesma cor que o Goberno da Xunta de Galicia levan máis de dezaseis millóns de euros, e para os outros queda unha pequena cantidade que non corresponde coa súa realidade poboacional e coas súas necesidades como teñen o resto de concellos.

Polo tanto dende o Grupo Socialista traemos unha proposta para instar á Xunta de Galicia a que estableza uns criterios de reparto de fondos en base a criterios obxectivos, que atendan á situación socioeconómica actual da provincia de Lugo e de Galicia en prol de evitar o reparto clientelar actual.

Evidentemente cando os fondos son repartidos con criterios obxectivos que atendan á extensión, poboación, como se fai na Deputación de Lugo co Plan Único, son beneficiados tódolos veciños e veciñas desta provincia dun xeito ou doutro; con esta forma que ten a Xunta de Galicia non só quedan dezanove concellos, que non existen para ela e cos que non ten asinado ningún

convenio, senón que os 35.000 veciños e veciñas que viven neses dezanove concellos non ven como lles chegan recursos para mellorar as súas infraestruturas ou para mellorar as súas inversións.

Polo tanto consideramos xusto, necesario e imprescindible, reiterar esta petición, insistir en que se precisa de obxectividade por parte da Xunta de Galicia para repartir os fondos que asigna a convenios con concellos da provincia de Lugo, porque ese 80% en detrimento dos demais en cuestión numérica de concellos é sinxelo, 80% para concellos gobernados polo Partido Popular, 20% para o resto de concellos, e non todos porque hai dezanove cos que non se asina ningún convenio durante os anos 2016, 2017 e 2018.

Polo tanto presentamos esta moción, que agardamos que sexa aprobada e que dende a Xunta de Galicia se podan impulsar tamén iniciativas ou plans coma o Plan Único da Deputación, plans homoxéneos, que xeran igualdade e que dotan de capacidade de recursos a tódolos concellos para atender as súas competencias, e tamén dar resposta ós seus veciños e veciñas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir que reserva a súa intervención para o seguinte turno.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“A primeira reflexión en relación a esta moción, que é moi similar á que se rexistrou o 20 de setembro do 2018, imos poñer en valor por suposto os convenios e a posibilidade de que as administracións supramunicipais, chámense Deputación, Xunta de Galicia, ou Goberno do Estado, poñan en marcha estes mecanismos para que os concellos, e aquí xa o enfoco así como Alcaldesa, teñan os recursos suficientes para poder prestar os seus servizos e acometer as infraestruturas que consideran necesarias toda vez que os orzamentos locais para un Alcalde sempre van ser insuficientes. Vaia por diante que defendemos ese mecanismo e que en aplicación da normativa en vigor evidentemente continúen, se intensifiquen, e se é posible se reforcen.

En segundo lugar, vaia por diante que toda a miña intervención sexa entendida co máximo respecto a tódolos funcionarios sexan desta Institución ou sexan doutras, porque calquera que escoite unhas manifestacións do voceiro socialista podería interpretarse, ademáis moi acaída esta reflexión se temos en conta outra das mocións que trae o Grupo que represento a este Pleno, que a da un Partido Político ou que a da un Deputado ou un Conselleiro; é obvio, e creo que resultaría innecesaria esta puntualización, pero despois de escoitalo creo que non está mal dicilo, tódolos convenios que se asinan cos concellos da Comunidade Autónoma Galega, ó igual cós convenios que asinan vostedes cos concellos desta provincia, veñen cos correspondentes informes técnicos, porque de non ser así evidentemente no caso da Xunta de Galicia, entidade na que vostedes están na oposición, terían, dentro das obrigas que lles corresponden como fiscalizadores, tódolos mecanismos admitidos en dereito para denunciálo.

Partindo da base de que tódolos procedementos se axustan á lei, e de que é un mecanismo absolutamente imprescindible para que os concellos podan prestar os seus servizos e acometer as súas infraestruturas, imos entrar en máis análise.

En primeiro lugar, cando o voceiro do Grupo Socialista demanda algo similar ó Plan Único esa demanda só se pode interpretar de quen nunca gobernou un concello, porque se algo ten esta Comunidade Autónoma, de feito só son tres en toda España, é unha cantidade moi importante destinada ó Fondo de Compensación Local que reciben tódolos concellos con absoluto respecto á autonomía local, tanto é así que ata a data non encontrei ningún Alcalde de ningunha cor política que critique o Fondo de Compensación Local, de feito era un mecanismo pacífico que tódolos concellos aplaudían e aceptaban cunha gran normalidade ata o punto de que algúns deles eu creo que empezaron a poñelo en valor cando algún representante, especialmente do Partido Socialista, empezou a demandar que a Xunta puxera en marcha algo coma o Plan Único, e os Alcaldes tiveron que explicar que a Xunta de Galicia xa ten ese mecanismo.

Os criterios son obxectivos, tamén eran bastante pacíficos, pero eu evidentemente falando como Alcaldesa dun concello pequeno penso que ó mellor incluso nos viña ben darlle unha volta a eses criterios, porque os pequenos concellos temos menos cantidade proporcionalmente, ó mellor procedía facer unha análise con esa discriminación positiva a favor dos pequenos concellos; pero

vaia por diante tamén que eses criterios de reparto son pacíficos e negociáronse coa entidade que nos representa a todos, que é a FEGAMP.

Entonces, entendendo isto como un lapsus, alo menos quero pensar iso e non alguén que quere intentar confundir, e dando xa por sentado que a Xunta de Galicia ten un fondo similar ó Plan Único onde moitos concellos, e se quere facémoslle o estudo matemático, pero precisamente onde dese reparto cos criterios que aplican no Fondo de Compensación Local saen manifestamente favorecidos os Alcaldes do Partido Socialista, e se quere pódolle comparar o que recibe do Plan Único un concello como Viveiro e o que recibe polo Fondo de Compensación Local o mesmo concello, pero creo que vostede coñece os números. Por tanto iso imos apartalo do debate porque existe, está aceptado por tódolos concellos, a ningún Alcalde lle escoitei criticalo, entonces imos respectalo e alo menos que non o quiten.

Despois imos entrar noutro tipo de axudas, entendo polas subvencións que van e polas que non van en concorrencia competitiva, e quero entender que as que non van en concorrencia competitiva é o que vostede está criticando, porque cando se aproban unhas bases os concellos presentamos o proxecto; e vólvolle ir á miña experiencia porque así ninguén pode ofenderse, nas bases do último Plan URBE eu como necesidade ou prioridade ó mellor no meu concello plantaxaba unha determinada obra, pero vendo as bases e sabendo onde me pode puntuar máis intentamos preparar un proxecto que poda ter a maior puntuación posible coa posibilidade de que poda saír beneficiada; na libre concorrencia vostede impugnaría as bases se non lle gustaran, e se non as impugna damos por sentado que é unha decisión política priorizar un ou outro investimento, pero creo que non é obxecto da filosofía que vostede pretende con esta moción.

Imos entonces ós convenios excepcionais que aí é onde pode haber, aínda que siga o procedemento xustificando a excepcionalidade e todo o que ten que xustificar Intervención e Secretaría, pode haber un maior obxecto de crítica; entonces aquí é onde lle vou votar en contra e voulo intentar xustificar e documentar da mellor maneira posible.

Ía vostede a unha anualidade en concreto e falaba dunha porcentaxe que lle parecía absolutamente prexudicial para os intereses xerais, ou moi en particular para os intereses do Partido

que vostede representa. Eu tamén lle vou ir a unha anualidade; primeiro vou entrar nunha anualidade na que vostedes tiñan unha capacidade de actuación maior, había un pacto de goberno onde vostedes tiñan cheque en branco que lle cumprían o acordo á forza política que os apoiaba no goberno, que era o Bloque Nacionalista Galego; pois concretamente, repasado con céntimos, as Xuntas de Goberno do ano 2014, di vostede que nós chegamos ó 80%, pois vostedes superáronnos porque chegaron ó 91%, os concellos gobernados polo Partido Popular en convenios excepcionais non chegaron ó 10% dos recursos que vostedes repartiron.

Entonces, xustificando perfectamente con números a nosa explicación, Plan Único, Fondo de Compensación Local, insisto, mellorado se o dí con criterios partidistas cara ó Partido que vostede representa; bases e libre concorrência, vostedes non impugnan as bases e por tanto dóunas por válidas; convenios excepcionais, non lle gusta o que fai o Partido Popular porque ó mellor vostede quería que lle deran ós concellos do Partido Popular o 91% dos recursos; vostede di que lles deron o 80%, eu non teño contrastado iso pero, tendo en conta o do Fondo de Compensación Local, permítame que dubide que diga a verdade, pero todo isto que expoño extá perfectamente documentado, teño aquí unha lixte de tódolos convenios e se quere repásollos con céntimos. Por tanto peticións nesa dirección do Partido que vostede representa, concretamente pola xestión que o avalía na Deputación Provincial de Lugo, permítame dicirlle que non está lexitimado”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“A verdade é que estamos nun Pleno, o penúltimo desta lexislatura, onde obviamente os Partidos maioritarios utilizan toda a munición que poden uns contra outros. A mín sorpréndeme que esta moción, que xa foi presentada reiteradamente, se veña utilizar agora contra o Partido Popular, como o Partido Popular utilizará contra vostedes.

A mín o que me sorprende xa non é iso, senón que é que vostedes que levan nesta lexislatura utilizando os fondos públicos de forma arbitraria, clientelar e caciquil, e dende logo totalmente partidaria, non en vano estamos a falar de oito millóns de euros cada ano en publicidade, ou sexa trinta e dous millóns de euros desta lexislatura gastados en publicidade, pero non

publicidade desta Institución senón publicidade partidaria do Presidente, do Secretario Xeral, é dicir do Partido Socialista, o que eu creo que é totalmente rexeitable.

E a mín gustábame máis o que falaba a Voceira do Grupo Popular de discriminación positiva, ou o que falaba o Partido Socialista durante o goberno do Sr. Touriño que era reequilibrio territorial; obviamente esa política de reequilibrio territorial permitía que aqueles concellos que nalgún momento determinado sufrían certa discriminación que a puideran superar, e ninguén naquel momento discutiu esa política de reequilibrio territorial, e creo que incluso tódalas forzas políticas a aplaudiron.

Os procedementos obviamente son os que esixe a lei nun e noutro caso. Por iso en principio, e á espera da segunda intervención para decidir o voto, non me parece correcta neste momento esta moción”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Ó mellor é por non ser Alcalde que non coñezo o Fondo de Compensación Local, se vostede se refire ó Fondo de Cooperación Local direille que iso substitúe á participación que por dereito teñen os concellos nos tributos da Autonomía, co cal o Fondo de Cooperación Local, que ninguén o criticou agás na súa dotación, porque o que dicimos os socialistas é que ó final nos recursos que se aplican para a financiación con convenios se utiliza unha porcentaxe moi alta para a discrecionalidade e non a través do Fondo de Cooperación Local, eu creo que o que estamos é falando dun instrumento que se utiliza para non desenvolver xa regulamentariamente a participación das entidades locais nos tributos da Autonomía que, como sabemos, as fontes de financiación das Administracións Locais proveñen de tres vías: os recursos propios pola vía dos tributos e dos impostos, a participación nos tributos do Estado, e tamén nos da Autonomía que non está desenvolvido e que está substituído polo Fondo de Compensación Local. Polo tanto tampouco é un favor que lle faga ninguén ós concellos senón que é un dereito que eles teñen.

Pero se falamos dos outros convenios que obedecen a outras razóns, sobre todo no ámbito da decisión política, falamos de que entre o ano 2016 e 2018 a Xunta de Galicia asina 118 convenios con concellos da provincia de Lugo, pero non cos 67 senón con 48; entón dende o ano 2016 ata o ano 2018 corenta e oito concellos recibiron un ou varios convenios da Xunta de Galicia; cento dezoito convenios os cales suman 20.347.362 euros, non é un dato circunstancial ou unha ocorrencia de ninguén, é a información do Rexistro de Convenios que publica no Portal Web a Xunta de Galicia, polo tanto é un dato que adicándolle un pouco de tempo calquera pode analizar e constatar.

Pero se profundizamos nesa cifra é onde vemos que se 48 teñen convenios significa automaticamente que 19 non teñen un convenio puntual por parte da Xunta de Galicia nestas anualidades; pero se profundizamos máis vemos que deses vinte millóns trescentos mil euros 16.236.000 euros son para concellos gobernados polo Partido Popular, o que significa que o 80% dos recursos que a Xunta de Galicia emprega en convenios con concellos entre os anos 2016 e 2018 na provincia de Lugo son usados de xeito partidista, é unha decisión política; e non apele vostede ás bases de concorrencia competitiva porque todo o mundo sabe como funcionan, publícanos de xeito exprés de hoxe para mañá, ábrese o prazo de solicitude ás doce da noite, e ás doce e cuarto o que non estaba avisado ou o que non sabía que se ía publicar as súas dificultades ten para que lle entren no reparto, porque son tan obxectivos que reparten polo momento en que se fai a solicitude, por orde de rexistro, polo tanto tampouco teñen moito de que presumir niso.

Pero o que si hai que explicar é porque non se dota con máis recursos o tan manido Fondo de Cooperación Local, que vostede di que conta con entorno a vinte millóns de euros ó ano, con máis recursos cando si que hai máis recursos para facer máis convenios. E iso é o que vimos discutir aquí, porque Baleira, Barreiros, Becerreá, A Fonsagrada, Guitiriz, Lourenzá, Meira, Muras, Navia de Suarna, Orol, Páramo, Pedrafita do Cebreiro, A Pontenova, Rábade, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Samos, Triacastela ou O Valadouro, non teñen un convenio ou alo menos non figura publicado no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, porque se o firmasen non creo que quixeran ocultalo; son estes dezanove concellos con case 35.000 habitantes que non ven un euro a través desa vía do convenio de excepcionalidade para atender necesidades e demandas dos seus

veciños; pero si que son 48 concellos dos que 29 son gobernados polo Partido Popular, 15 polo Partido Socialista, e catro por outros.

E iso é o que lle plantexamos, pedir maior obxectividade, e se queren maior obxectividade doten de máis recursos ó Fondo de Cooperación Local porque hai unha vía perfecta para facelo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Tratar de forma igualitaria situacións distintas pode ser tan inxusto coma tratar de forma desigual situacións idénticas. Aquí o que se necesita sempre en calquera caso son criterios obxectivos á hora de repartir fondos, e cando son públicos por suposto dunha forma ineludible; e dende logo repartir diñeiro usando como criterio a cor política dun concello é calquera cousa menos un criterio obxectivo, é máis ben a definición de criterio subxectivo. Co cal dende o BNG sempre estaremos a favor de incrementar a obxectividade á hora de repartir fondos públicos dende calquera Administración, sexa a Xunta de Galicia, un concello, a Deputación, ou sexa cal sexa, de feito imos votar a favor desta moción.

O único problema que vemos neste caso é que hai un pouco de hipocrísía, porque todos os que participamos nesta lexislatura neste Institución, porque se aceptou a idea de ter un Plan Único nesta Deputación, ou incluso porque o hai na Deputación da Coruña e na Deputación de Ourense, evidentemente non é precisamente pola vontade que houbera polos equipos de goberno neste caso do Partido Socialista ou en Ourense do Partido Popular de facer algo que se parecera a un Plan Único, de feito onde gobernan sós e con maioría absoluta non hai nada que se pareza nin remotamente.

Pero aínda hai un exemplo moito máis preto que é o aprobado neste Pleno do mes de marzo de dous millóns e medio de remanentes de tesouraría do ano pasado que se repartiron para os concellos da provincia, onde non se aceptou a proposta do BNG de facer un reparto obxectivo que era investilo nas estradas provinciais pero podía ser perfectamente para aumentar o importe do Plan Único, e o Partido Popular e o Partido Socialista uníronse para que eses dous millóns e medio non

se repartiran de forma obxectiva, cousa que vai provocar que pase o mesmo que explicaba o voceiro do Grupo Socialista de que uns concellos teñan certos convenios polos criterios que sexa porque non se sabe, será algo que decidan os responsables de ámbolos dous Partidos, e outros concellos, dunha cor ou doutra que, polo que sexa, decidiron dúas persoas que non terán convenio, e iso non é obxectividade. Co cal mal se poden dar leccións de repartos obxectivos cando despois se hai ocasión de facelo se vota en contra de que iso sexa así.

En todo caso no que respecta a nós sempre traballaremos porque tódalas Institucións, concretamente a Deputación, siga incrementando a obxectividade do reparto, e en futuras lexislaturas, sexa cal sexa o posto que nos toque tanto como Deputados, coma na casa, coma no organismo do propio Partido en que estamos militando, sempre estaremos a traballar para que na Deputación non exista nin un só céntimo de euro que se reparta de forma subxectiva, e que todo canto chegue á cidadanía sexa con criterios xustos e obxectivos”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Detrás de todo isto hai un debate máis interesante e dende logo moito máis ambicioso que é abordar a financiación local, e abordalo con responsabilidade tendo en conta o que agora parece que moitos se deron conta, ou outros que levamos vivindo neses concellos dende que nacemos e non imos marchar de alí salvo circunstancias alleas á nosa vontade, que é o que lle chaman a España baleira, ou a España baleirada, os problemas de despoboamento, creo que procede un debate máis transcendental que non esa discusión de “y tu más”, pero é obvio que datos hai para poñer enriba da mesa, para, alo menos no meu caso, documentar con rigor que o que estamos dicindo é a máis absoluta verdade, e facer dúas ou tres puntualizacións.

Efectivamente a asignación económica que eu dicía que se repartía con criterios obxectivos aprobados pola FEGAMP é o Fondo de Cooperación Local, pero tamén debo citar o Fondo de Compensación Local, e probablemente no debate puiden explicarme mal ou vostede non quixo entenderme; concretamente no caso da Xunta de Galicia dos 390.566.748 millóns de euros que destina ás Corporacións Locais, cento vinte e catro corresponden ós Fondos de Compensación

Local, por iso creo que tamén é importante citalo; o Fondo de Compensación Local está integrado tanto polo Fondo base como polo complementario, e desas partidas é de onde saen os convenios que vostede criticaba ou pretende que se fagan doutra maneira.

Cando lle dicía que ese Fondo de Cooperación Local fundamentalmente se queriamos analizar a que Partidos beneficiaba máis ou menos, eu pódolle dar un dato por exemplo o de Monforte de Lemos que recibe desta Institución do Plan Único 500.000 euros, recibe do Fondo de Cooperación Local 732.000 euros; ou poderíamos citar exemplos coma a propia cidade de Lugo que dos 500.000 pasa a 2,8 millóns; obviamente nós temos que centrarnos fundamentalmente nos pequenos concellos, e aí seguramente habería discrepancia.

De tódolos xeitos unha cousa é a concorrência competitiva, que é a que lle citaba eu, onde hai unhas bases, e outra cousa é a concorrência non competitiva que é a que dicía vostede que entraba por rexistro de entrada, e aí tamén me vou remitir ó que se espuxo no debate dunha moción similar a esta noutro pleno onde o meu compañeiro que naquel momento defendeu a nosa postura, o Alcalde de Xove, lle explicaba que Alcaldes e Alcaldesas doutros Partidos Políticos que presentaron o seu proxecto e foron concedidos, quero dicir que non hai ningún tipo de posibilidade de vinculalo a ningunha cor política porque incluso naquel debate parecía medio insinuar que se facilitaba información de maneira distinta.

Dito isto, e dicíndolle que no ano 2014 o reparto de fondos en convenios excepcionais era dun 91% para concellos do Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, e 9% para os concellos do Partido Popular, pero incluso podo facer unha relación dos mesmos marcos temporais que fixo vostede; insisto, creo que este debate debería ir máis alá e asumir tódalas forzas políticas, especialmente na era que comeza polo Partido que vostede representa, en facer ese reflexo dun novo financiamento especialmente para os concellos pequenos e para os que temos unha importante dispersión xeográfica.

Pero no ano 2016 os convenios asinados por esta Institución en Xunta de Goberno, con esa categoría de excepcionais, ós concellos gobernados polo Partido Socialista foron 6.610.000 euros, ós concellos gobernados polo Partido Popular 2.750.000 euros, concellos gobernados polo Bloque

Nacionalista Galego 680.000 euros, e concellos independentes 60.000 euros. Que vostede, que está liderando as Xuntas de Goberno como vemos, porque ademáis xa non di, como diremos na moción seguinte, que “a Institución fixo” senón que di que “o Partido Socialista pagou”, pois ós datos me remito de que efectivamente leccións de reequilibrio, leccións de criterios obxectivos, e leccións de que mal o fan outros e que ben o fago eu non as poden dar; se quere imos ó ano 2017 e repasamos, por exemplo Viveiro, convenio de colaboración 27 de xuño 150.000 euros; Guitiriz, convenio de colaboración do 8 de xullo 250.000 euros; A Fonsagrada, convenio de colaboración do 15 de xullo. Todo isto está perfectamente documentado, e as cores son as que representan ou identifican cada Partido Político.

Se imos ó ano 2017, facemos a mesma análise, e concellos gobernados polo Partido Socialista 3.343.000 euros; concellos gobernados polo Partido Popular 1,9 millóns de euros; concellos gobernados polo Bloque Nacionalista Galego 63.000 euros; os concellos independentes vexo aquí Chantada con 39.000 euros. Que vostede, que coordina e manda todo isto, nos diga a nós que temos que ter un reparto obxectivo e reequilibrante, pois se quere voulle ó que vai do ano 2018, porque calquera dato que lle poña enriba da mesa como mínimo invitaríanlle a reflexionar sobre se é acertado abrir ese debate ou se cre vostede que pode sair reforzado reivindicando reequilibrio na provincia de Lugo ou en Galicia, imaxine esas porcentaxes repartindo 390.000.000 de euros, con estas porcentaxes Deus nos colla confesados ós Alcaldes do Partido Popular”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Despois deste rifirrafe eu creo que os dous Partidos maioritarios debían tomar nota e aplicar a doutrina que predican nun lado e noutro. Eu, e permítanme unha reflexión persoal, despois de analizar esta lexislatura podo dicir que persoalmente do que estou orgulloso destes catro anos é do tempo que pasei fóra do Partido Socialista onde obviamente a independencia e a disciplina de Partido me permitiu ter iso que é a independencia. Tamén me da autoridade non sei se moral ou política o feito de que, como explicou xa a Voceira do Grupo Popular, independentes cero, alo menos Becerreá non recibiu nesta tempada, nin incluso estando dentro, ningún convenio extraordinario, convenios que se asinan, e cando se aprobaron os Orzamento o puxen sobre a mesa, sobre todo cos remanentes, e onde aí tamén o Partido Popular ten a súa parte de culpa porque certo

conchabeo nese reparto hai, de aí que entren algúns porque probablemente se non houbera conchabeo non entraría ningún do Partido Popular, pero todo é lexítimo e lícito.

Eu íalle dicir que mirara neses convenios excepcionais da Xunta de Goberno ou por Decreto do Presidente cantos hai que non sexan socialistas, ningún, e coa independencia que me da que en Becerreá os convenios son cero, reivindicalo.

E é certo ese sistema das doce da noite, pero aí alo menos avisan, é certo que chegamos sempre tarde, pero nos convenios que se asinan na Deputación xa non avisan, enterámonos cando se publican os de Xunta de Goberno ou cando se fai un Decreto que chega tarde, mal, e arrastro; e concretamente podo dicir que eu estou esperando á publicación dalgún Decreto que teño interese político en saber como se fixo e aínda non me chegou iso, obviamente non é culpa dos funcionarios nin quero culpalos, a dinámica é a que é, pero quizá tamén sería importante, sobre todo nestes temas, que o coñeceramos con antelación ou incluso que houbera criterios obxectivos nesta Institución, e os que estean gobernando na próxima lexislatura tomaran nota agora, para que tamén eses remanentes se repartiran con criterios obxectivos ou cunha política de reequilibrio territorial, porque moito enchernos a boca de “España baleira” e “España baleirada” que eu pensei que nos ían solucionar os problemas na campaña pasada porque botamos un mes con iso, e todo era mirar para Castilla-León, para a Galicia interior, etc., e á hora da verdade nada de nada; pero as expectativas están aí e se cadra nos sorprenden.

Por iso, unha vez escoitadas as intervencións, eu vou anunciar, agás que se acepte a proposta do BNG, que non sei se é unha proposta ou unha emenda, de que se inclúa Xunta de Galicia e Deputación Provincial, o voto en contra; se esa proposta ou emenda do BNG se admite eu votaría a favor”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Eu non entendín que se presentase ningunha emenda”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Creo que se expresou aí, ou alo menos díxoo *in voce*, pero como aquí o Regulamento aplícase como lle parece, se non vale a proposta miña é esa, propóño eu”.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“De tódolos xeitos non se admite ningunha modificación ó texto presentado na proposta do Grupo Provincial Socialista.

É interesante ver como o Partido Popular quere abandeirarse agora de abordar a financiación local, nós levamos anos con esa bandeira na man; é unha mágoa que cando o Partido Popular aproba a lei que modifica a Lei de Bases de Réxime Local que regula todo o funcionamento das Administracións Locais en España, que lles daba máis competencias ós concellos e menos financiación, non levantasen tamén a man, daquela defendíano e dicían que era necesario hostigar desta maneira ós concellos.

Pero a realidade, e non inventei eu a frase de “o que é medible non é interpretable”, é a seguinte: dos sesenta e sete concellos da provincia de Lugo 48 contaron cun convenio por parte da Xunta de Galicia entre os anos 2016 e 2018, 29 do Partido Popular e 19 doutras formacións políticas, moi equilibrado. Do total de convenios asinados que foron 118 nestas anualidades, 91 foron asinados con concellos gobernados polo Partido Popular, 27 con outros, moi equilibrado. Dos vinte millóns trescentos corenta e sete mil euros cos que se dotaron eses 118 convenios asinados con 48 concellos da provincia, 335.000 euros sumados a 3.775.000, catro millóns cen mil euros, foron adicados a concellos gobernados por unha cor diferente do Partido Popular, pero 16.236.000 de euros, o 80% dos 20.347.000 euros foron asignados a concellos gobernados polo Partido Popular, moi xusto, moi equitativo, moi equilibrado; 19 concellos ós que me referín antes nos que viven 35.000 veciños e veciñas non recibiron nin un euro a través desta vía por parte da Xunta de Galicia.

E isto é o que pedimos, con moita sinxeleza e dun xeito moi claro, máis obxectividade, que pode ser a través do Fondo de Cooperación Local ou a través doutros instrumentos que se habiliten para elo, pero maior obxectividade que significará máis recursos para tódolos veciños e veciñas desta provincia. Cando os argumentos se remontan ó ano 2014 a verdade é que perden bastante peso porque non están moi de actualidade, o que significa que noutros sitios se fan as cousas diferentes e polo tanto tamén mellor”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Sr. Deputado non adscrito). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, SOBRE A CONSERVACIÓN FLUVIAL NOS TRAMOS URBANOS DOS CONCELLOS DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista, sobre a conservación fluvial nos tramos urbanos dos concellos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Exposición de Motivos:

O 18 de decembro publícase no Diario Oficial de Galicia a *Instrución 1/2019, do 7 de xaneiro, para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario*, mediante a cal, Augas de Galicia, establece unha serie de directrices para homoxeneizar e sistematizar a realización de actuacións de conservación dos tramos fluviais non urbanos na Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa. Nesta instrución aprovéitase para recoñecer a competencia dos concellos sobre os tramos fluviais urbanos sen especificar os condicionantes que estes teñen á hora de realizar a conservación.

Resulta curioso comprobar como a partires dunha serie de acontecementos como os sucedidos en Viveiro en novembro de 2018, a Xunta de Galicia é capaz de evitar implicarse en futuras responsabilidades.

A partires da publicación desta Instrución, a Conselleira Ethel Vázquez, informa que a Xunta de Galicia vai a colaborar cos concellos a nivel técnico e de asesoramento, e manterá unha liña de axudas de dous millóns de euros. De momento as axudas aínda non se publicaron e os concellos teñen que comezar a asumir as tarefas que nesta época implica a maior presenza de vexetación.

Dende o Partido Socialista, consideramos que a publicación da instrución mencionada supón abordar a situación dende un punto de vista pouco colaborador, e que a Xunta debe elaborar plans de negociación cos alcaldes ou alcaldesas, xa que, está demostrado que os concellos teñen escasa capacidade técnica e económica para os tipos de actuacións derivadas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno os seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que elabore plans participativos de actuación sobre os elementos naturais e que modifique neste senso os elaborados para as actuacións fluviais.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que dote dun orzamento maior as axudas anunciadas para as actuacións nos tramos fluviais urbanos da Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa que de xeito realista poida compensar as debilidades económicas dos concellos afectados pola instrución publicada e que sexan publicadas con carácter urxente; e que posteriormente, inclúa nos orzamentos autonómicos de anualidades posteriores unha partida económica no mesmo senso”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Proponse o seguinte acordo:

1º) Instar ao Goberno do Estado e ás Confederacións Hidrográficas do Miño-Sil e do Cantábrico Occidental ao obxecto de que elaboren directrices que establezan criterios de homoxeneización e protocolarización das actuacións de conservación fluvial nas concas da súa competencia, tal e como vén de facer a Xunta de Galicia na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, co fin de acadar unha mellor xestión dos ríos no conxunto da Comunidade.

A estes efectos, que se teña en conta a posibilidade de poñer a disposición dos concellos mecanismos de identificación dos treitos urbanos dos ríos, cuxo mantemento e limpeza é de competencia municipal, co fin de facilitar tamén as tarefas nestas zonas.

2º) Instar ao Goberno Provincial a, no ámbito das súas competencias, colaborar cos Concellos –especialmente cos de menor tamaño- para facilitar o cumprimento de conservación de cauces fluviais ao que lle obriga o Plan Hidrolóxico Nacional”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Abordamos agora un tema de recente actualidade que está enriba da mesa e que produce tamén unha importante preocupación nos concellos, concellos que veñen sometidos a unha dinámica nos últimos tempos de cada vez máis competencias, cada vez máis obrigas, cada vez máis servizos, máis actuacións que deben desenvolver, e sen embargo non se lles dota de máis recursos,

ou cando se fai unha dotación de recursos é estrepitosamente insuficiente para poder abordar a competencia que se lles atribúe ou que se lles outorga.

Recentemente vimos publicada unha Instrucción, a 1/2019 do 7 de xaneiro, para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario, mediante a cal Augas de Galicia establece unha serie de directrices para homoxeneizar e sistematizar a realización de actuacións de conservación dos tramos fluviais na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Nesta Instrución aproveitase para recoñecer a competencia dos concellos sobre os tramos fluviais urbanos sen especificar os condicionantes que estes teñen á hora de realizar a conservación, o que en realidade significa que os concellos deben facerse cargo dunha nova actuación, neste caso os tramos fluviais urbanos, pero nunha indefinición, coma sempre, de como e con que recursos.

Certo que a Xunta de Galicia anuncia unha liña de axudas de dous millóns de euros, dos que á provincia de Lugo lle corresponderían 320.421 euros. Na provincia de Lugo hai vinte concellos que están baixo a demarcación de Augas de Galicia, polo tanto vinte e nove concellos entre os que habería que repartir estes 320.000 euros, o que resultaría unha cantidade de once mil euros por concello, absolutamente insuficiente para atender con éxito esta situación.

Polo tanto o que plantexamos dende o Partido Socialista é instar á Xunta de Galicia a que elabore plans participativos de actuación sobre os elementos naturais, e que modifique neste senso os elaborados para as actuacións fluviais, dando participación ós axentes sociais, ós axentes que actúan sobre o territorio e que teñen relación con este hábitat e con este ámbito, pero tamén ós concellos que se van facer cargo da xestión e da limpeza destes tramos urbanos fluviais que pasan polos seus concellos. Instar tamén á Xunta de Galicia a que dote dun orzamento maior as axudas anunciadas para as actuacións nos tramos fluviais urbanos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que de xeito realista poida compensar as debilidades económicas dos concellos afectados pola Instrución publicada, e que sexan publicadas con carácter urxente, pois non están aínda habilitadas para que poidan dispor delas os concellos. Tamén que posteriormente se inclúa nos Orzamentos autonómicos de anualidades unha partida económica no mesmo senso.

Polo tanto que se dea participación ós concellos, ós axentes do territorio; que se incrementen esas axudas porque tocarían a once mil euros por concello na provincia de Lugo, o que é absolutamente insuficiente dun xeito claro; e polo tanto que cando se lle outorga unha nova obriga ós concellos alo menos que vaia acompañada dunha claridade no modelo no que teñen que atender a esa nova competencia; e tamén de financiación para poder afrontala con éxito.

Hai unha emenda de substitución presentada polo Grupo Popular na que propón que se inste ó Goberno do Estado e ás Confederacións Hidrográficas do Miño-Sil e do Cantábrico Occidental ó obxecto de que elaboren directrices que establezan criterios de homoxeneización e protocolización das actuacións de conservación fluvial nas concas da súa competencia, tal e como ven de facer a Xunta de Galicia na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa; e a estes efectos que se teña en conta a posibilidade de poñer a disposición dos concellos mecanismos de identificación; instar tamén ó Goberno Provincial a que no ámbito das súas competencias colabore cos concellos, especialmente cos de menor tamaño, para facilitar o cumprimento e conservación de cauces fluviais ó que lle obriga o Plan Hidrolóxico Nacional.

Proponse como emenda de substitución, e iso vai contra a finalidade que persegue a proposta presentada polo Grupo Socialista, porque o que queremos é mellorar a situación que plantexa a Xunta de Galicia; como emenda de engádegas estaríamos dispostos a admitila, considerando redundante o punto dous de instar ó Goberno Provincial que ten habilitado o recurso do que vimos de falar recentemente, ese Plan Único, no que os concellos teñen marxe para decidir en que habilitan os seus recursos e poderían incluso empregar parte del para atender esta competencia, pero por iso tampouco vai quedar.

Por tanto a proposta sería admitir esta emenda como engádegas e non como substitución porque evidentemente de dous millóns de euros que para a provincia de Lugo toquen trescentos mil, once mil euros por concello, é absolutamente insuficiente e cremos que é mellorable e que podemos e debemos manifestar esa realidade, se a Confederación Hidrográfica fai unha interpretación da Sentenza tan estricta e tan directora cara ós concellos da competencia como fai a Xunta de Galicia, evidentemente teremos que plantexarlle tamén que atenda con recursos esa nova

obriga que asumen os concellos. Polo tanto, se lles parece ben, admitímola como engádegas, como substitución non a admitiríamos”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Partimos da idea principal de que tódalas axudas que podan ter os pequenos concellos son benvidas, tanto da Xunta coma da Deputación Provincial. En canto á emenda, aceptamos que sexa de engádegas e que polo tanto se vote conxuntamente.

Pero é necesario tamén deixar claros algúns conceptos. O primeiro é que a obriga de que os concellos cuiden os treitos urbanos do río non a impón a Xunta senón que é unha imposición do Plan Hidrolóxico Nacional, unha competencia que se atribúe a tódolos concellos de España derivada dese Plan Hidrolóxico dende o ano 2001 e en consonancia coa interpretación dada polo Tribunal Supremo en Sentenza do 13 de decembro de 2017 no artigo 28.4.

Si é certo que o día 18 de xaneiro, para ter unha colaboración máis estreita cos concellos, o Diario Oficial de Galicia publicou a Instrución 1/2019 de 7 de xaneiro, de Augas de Galicia, para o establecemento dunhas directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario, para levar a cabo esa colaboración e que os concellos saiban realmente o que hai que facer, pero repito que é unha obriga establecida polo Estado dentro dese Plan Hidrolóxico Nacional.

O documento que publicou a Xunta ten como obxectivo poñer en coñecemento de todos os criterios para a homoxeneización e sistematización das actuacións de conservación fluvial, aclarando e protocolizando as actuacións de conservación fluvial que teñen que facer as distintas administracións competentes. Estas directrices veñen para facilitar as tarefas de conservación e limpeza dos case 15.000 quilómetros de ríos existentes na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Entonces o que fixo a Xunta con esta publicación foi facilitar ós concellos o seu labor identificando cales son eses tramos urbanos dos ríos ós que está obrigado a acometer a súa limpeza

e mantemento cada concello. Para facilitar isto tamén o Goberno galego puxo a disposición dos municipios un detallado Visor GIS na súa web para identificar os tramos ós que lles afectan estas tarefas.

É necesario sinalar tamén que a Demarcación Galicia-Costa abrangue só o 15% do territorio, o 85% restante é competencia da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, polo tanto sería necesario instar tamén a outras Administracións a que se establezan melloras similares incluso ás establecidas pola Xunta de Galicia con ese Visor para que o resto de concellos afectados que, como digo, abranguen ese 85% do territorio, tamén se vexan beneficiados por unhas medidas como as que tomou a Xunta na Demarcación Galicia-Costa.

É certo tamén que os concellos de menor tamaño, tal e como establece a Lei de Bases de Réxime Local, poden ter unha axuda da Deputación, xa que entre as funcións da Deputación está a colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes, o artigo 36 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local así o establece, e para funcións municipais como é o caso da limpeza deses tramos urbanos do río a Deputación tamén debería implicarse tanto a través do Plan Único como a través doutro tipo de axudas.

Por ese motivo preséntase a proposta de emenda; como dixen, aceptamos que sexa de engádegas, e tendo en conta que é unha competencia difícil para tódolos concellos, agradecer tamén á Xunta que poña os mecanismos e os medios necesarios para poder diferenciar cales son os tramos de río de competencia do concello, e entre todos poder ter os ríos en bo estado para evitar catástrofes como as que vimos recentemente”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Visto que non se admiten emendas, creo que na intervención anterior dixo que non porque o texto era perfecto, e a hipocrísia é total e absoluta por parte do Voceiro do Grupo Socialista porque o que pide nun sitio non o fai no outro, eu voulle presentar unha emenda *in voce*, creo que iso é posible de acordo co Regulamento, pero tamén é certo que a utilización do Regulamento nestes catro anos foi estilo compadre. Coa intención de votar a favor eu pediría no punto un “instar

á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a que elabore...”, no punto dous “instar á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil..”.

Déase conta que non inclúo á Confederación Hidrográfica do Norte, e fágoo intencionadamente porque creo que dende sempre, independentemente incluso da cor política do Goberno Central, na Confederación Hidrográfica do Norte os criterios son bastante obxectivos e non discriminatorios, incluso dende Becerreá que ten a maioría da súa conca na Confederación Hidrográfica do Norte, e ten un regato, que adoita secar, na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, pois ese regato impediu que se aprobara o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Becerreá polas condicións que esa Confederación poñía no seu momento e agora, a pesares de solicitar unha pequena intervención nese regato para salvar unha dificultade que hai para acceso a fincas, non recibimos resposta da Confederación cando sabemos que tamén se están asinando convenios cos concellos do Partido Socialista ós que afecta esa Confederación, non sei se algún do PP, pero si cos do Partido Socialista.

Como outra vez máis, coa discriminación cero, os independentes cero, e a Becerreá nin uns nin os outros, obviamente se acepta a emenda de incluír á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil votaría a favor”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O debate sobre a auga sería moito máis amplo ca se unhas competencias son dunha Confederación ou doutra, refírome ás competencias económicas de axudar ós concellos; e dito sexa de paso, como dicía alguén do PP noutra intervención, hai que pular por un novo financiamento local para os nosos concellos debido á súa dispersión, e benvidos sexan ó noso discurso dende hai moitos anos, debe ser porque agora o PP non está no Goberno do Estado e entón pídese financiamento local para tódolos concellos e que se teña en conta o que sempre dixo o BNG cando estivo no Congreso dos Deputados.

Pero, volvendo ó tema da auga, o Estado español, e concretamente tamén a Comunidade Autónoma de Galicia, e estou manexando datos da Unión Europea, é o que máis incumpre a Directiva Marco da Auga. Aquí fálase de financiamento para os concellos, non se analiza de onde veñen as maiores inversións para o Estado español e para a Comunidade Autónoma de Galicia, que é de diferentes Programas da Unión Europea, eses cartos van chegar a esta Comunidade Autónoma en función de que se cumpra ou non, ou se cumpra con máis ou menos eficiencia, a Directiva Marco da Auga.

Polo tanto creo que este é un debate bastante bizantino, no que non se vai chegar a ningunha conclusión concreta, os nosos ríos, o país dos mil ríos, aparte de financiamento necesitan participación de toda a sociedade no que se vai facer en cadaún deses ríos pois senón sempre saíran os niveis de contaminación debido á presión urbanística que se exerce sobre moitos deles, a presión industrial colocando industrias mesmo ó lado dos ríos; ese é o debate que hai que dar.

Nós non temos ningún inconveniente en votar a favor esta moción que se propón aquí, independentemente de que despois cheguen a un acordo vostedes se esa emenda é de substitución ou de engádegas”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Admítense as dúas emendas, e se lles parece lemos como quedaría ó final a parte dispositiva:

1º.- Instar á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a que elabore plans participativos de actuación sobre os elementos naturais e que modifique neste senso os elaborados para as actuacións fluviais

2º.- Instar á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a que dote dun orzamento maior das axudas anunciadas para as actuacións nos tramos fluviais urbanos das súas Demarcacións, que de xeito realista poida compensar as debilidades económicas dos concellos

afectados pola instrución publicada e que sexan publicadas con carácter urxente; e que posteriormente, inclúa nos orzamentos autonómicos de anualidades posteriores unha partida económica no mesmo senso.

3º.- Instar ó Goberno do Estado e ás Confederacións Hidrográficas do Miño-Sil e do Cantábrico Occidental ao obxecto de que elaboren directrices que establezan criterios de homoxeneización e protocolarización das actuacións de conservación fluvial nas concas da súa competencia, tal e como vén de facer a Xunta de Galicia na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, co fin de acadar unha mellor xestión dos ríos no conxunto da Comunidade.

A estes efectos, que se teña en conta a posibilidade de poñer a disposición dos concellos mecanismos de identificación dos treitos urbanos dos ríos, cuxo mantemento e limpeza é de competencia municipal, co fin de facilitar tamén as tarefas nestas zonas.

4º.- Instar ao Goberno Provincial a, no ámbito das súas competencias, colaborar cos Concellos, especialmente cos de menor tamaño, para facilitar o cumprimento de conservación de cauces fluviais ao que lle obriga o Plan Hidrolóxico Nacional.

Se todos estamos de acordo este sería o texto definitivo da parte dispositiva, e pola miña parte non seguimos afondando máis no asunto”.

Rematado o debate, e coa aceptación por parte do Grupo proponente das emendas presentadas, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda a aprobación da moción presentada, quedando a parte dispositiva da mesma como segue:

1º.- Instar á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a que elabore plans participativos de actuación sobre os elementos naturais e que modifique neste senso os elaborados para as actuacións fluviais

2º.- Instar á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a que dote dun orzamento maior das axudas anunciadas para as actuacións nos tramos fluviais urbanos das súas Demarcacións, que de xeito realista poida compensar as debilidades económicas dos concellos

afectados pola instrución publicada e que sexan publicadas con carácter urxente; e que posteriormente, inclúa nos orzamentos autonómicos de anualidades posteriores unha partida económica no mesmo senso.

3º.- Instar ó Goberno do Estado e ás Confederacións Hidrográficas do Miño-Sil e do Cantábrico Occidental ao obxecto de que elaboren directrices que establezan criterios de homoxeneización e protocolarización das actuacións de conservación fluvial nas concas da súa competencia, tal e como vén de facer a Xunta de Galicia na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, co fin de acadar unha mellor xestión dos ríos no conxunto da Comunidade.

A estes efectos, que se teña en conta a posibilidade de poñer a disposición dos concellos mecanismos de identificación dos treitos urbanos dos ríos, cuxo mantemento e limpeza é de competencia municipal, co fin de facilitar tamén as tarefas nestas zonas.

4º.- Instar ao Goberno Provincial a, no ámbito das súas competencias, colaborar cos Concellos, especialmente cos de menor tamaño, para facilitar o cumprimento de conservación de cauces fluviais ao que lle obriga o Plan Hidrolóxico Nacional”.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA QUE DENDE A DEPUTACIÓN SE AXUDE AOS CONCELLOS QUE DESEXEN INICIAR PROXECTOS DE RECICLAXE E COMPOSTAXE DE RESIDUOS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción para que dende a Deputación se axude aos concellos que desexen iniciar proxectos de reciclaxe e compostaxe de residuos.

Moitos concellos da provincia de Lugo están a enviar, dende hai anos, os residuos xerados no servizo de recollida de lixo á planta de SOGAMA.

O obxectivo marcado pola Lei de Residuos da Xunta estaba cifrado en acadar, no ano 2020, o 50% de reciclaxe dos residuos que se reciben nesta planta de SOGAMA, estando a reciclarse neste momento escasamente un 11% dos residuos totais que chegan á planta de Cerceda, moi lonxe dos obxectivos marcados na súa creación.

É por estes motivos, por non alcanzar os obxectivos marcados e por estar moi lonxe da media estatal de reciclaxe de residuos urbanos, situada no 30%, polo que neste momento o sistema que SOGAMA está a aplicar á xestión destes residuos urbanos está sendo moi cuestionado.

Debido a isto, os concellos necesitan dotarse de outros medios para o reciclaxe dos seus residuos urbanos, métodos que permitan unha maior unha maior porcentaxe de reciclaxe e que estean orientados a xestión destes cara a compostaxe.

A compostaxe permitiría reducir moi considerablemente a cantidade de residuos a transportar e reduciría dun xeito moi importante a factura que os concellos teñen que pagarlle á SOGAMA e que ronda os 80 € por tonelada xestionada.

Existen suficientes modelos alternativos para a compostaxe e xestión de residuos que se poderían aplicar nos concellos da provincia de Lugo tanto nos que teñen un carácter urbano como rural. Un Plan de xestión de residuos, baseado na reciclaxe, reutilización e recuperación, alternativo ao de SOGAMA podería implantarse de xeito progresivo en moitos destes concellos se estes tiveran o asesoramento e axudas necesarias para iniciar estes proxectos.

Por outra banda, no pleno do pasado mes de marzo véñse de aprobar, cos votos dos grupos do PP e PSOE, destinar máis de 1,5 millóns de euros para os concellos da provincia, sen indicar en ningún momento en que concellos se van investir nin para que proxecto se van utilizar estes fondos.

Para o BNG resulta totalmente antidemocrático que se poidan manexar os cartos públicos deste xeito, aprobando o pleno a súa utilización pero sen poder decidir nin quen nin para que se van utilizar.

Debido a iso, dende o BNG cremos que cando menos unha parte deses fondos que xa son dos concellos se deberían usar para que dun xeito transparente e igualitario se axudase a todos aqueles concellos que, de forma individual ou agrupándose entre eles, estean dispostos a emprender o camiño da compostaxe e reciclaxe de residuos urbanos con métodos máis eficientes e alternativos aos de SOGAMA.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción do seguinte acordo:

Que en base aos fondos dos remanentes de tesourería aprobados no pleno do mes de marzo de 2019 para investir nos concellos, se destine unha cantidade mínima de 500.000 €, repartidos en forma de concorrência competitiva, para aqueles concellos da provincia que desexen, de forma individual ou colectiva, emprender proxectos de compostaxe e reciclaxe de residuos con modelos alternativos e máis eficientes aos de SOGAMA, incluíndo o asesoramento e elaboración dos proxectos correspondentes”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Cando a Xunta publicou a Lei de Residuos marcouse como obxectivo que para o ano 2020 estiveran reciclados o 50% dos residuos xerados, neste momento estamos no 11% no caso de Galicia, e a media estatal está no 30%. Dado que nin de lonxe se acadaron os obxectivos que estaban previstos cando se creou SOGAMA algo indica que o sistema SOGAMA non funciona como debера.

É necesario que nos dotemos doutros métodos para aumentar a reciclaxe para facer técnicas de compostaxe e dese xeito reducir ó máximo posible os residuos que non é posible pasar por eses dous tipos de proceso, cuestión que ademáis abarataría dun xeito moi importante os custes que estas cuestións teñen para os concellos.

Tamén é certo, que é unha necesidade, que a gran maioría dos concellos en solitario non poderían afrontar os custes que significa actuar nesta liña, ata incluso terían problemas posiblemente para facer os proxectos e os deseños correspondentes.

Aquí ó que se ven é que a Deputación, como Institución que, cando menos mentres que exista, está para que axude ós concellos, sobre todo a aqueles que teñen máis dificultades, que saque unha liña de subvencións para que aqueles concellos que queiran introducirse en sistemas alternativos ós que propón SOGAMA o poidan facer.

Neste razoamento nós o que propoñemos é que no pasado mes de marzo aprobáronse unhas cantidades moi importantes de diñeiro para investir nos concellos, nesa aprobación non se especificaba para que nin para cales concellos ía ese diñeiro, e entón nós mentres que non saibamos en que se vai empregar ese diñeiro seguiremos facendo propostas para que ese diñeiro redunde por criterios obxectivos para o conxunto dos concellos da provincia.

Nese sentido propoñemos 500.000 euros en liñas de subvencións obxectivas para que aqueles concellos que queiran ir nesa liña o poidan facer, ben de xeito individual ou agrupados varios concellos en mancomunidades ou co criterio que eles queiran, para poder levar adiante plantas de tratamento de residuos dese tipo”.

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Quixera facer algunha puntualización con respecto ao tratamento de SOGAMA, que diría: Actualización do plan de xestión de residuos urbanos de Galicia; actualización efectuada en decembro de 2016 revalida os obxectivos cualitativos do presente documento orixinal aprobado no 2011. Segundo a selección de residuos previstos en 2020 o cumprimento deste novo obxectivo

implica que a capacidade de tratamento deberá acadar 145.000 toneladas; para elo o Plan Galego prevé doce novas plantas de xestión de residuos orgánicos, cunha capacidade de 15.000 toneladas, 10.000 toneladas, 7.000, e 3.500.

Con respecto a SOGAMA, dende hai tempo xa ven propoñendo, e hai unha cantidade importante de concellos que así o están facendo, a posibilidade da compostaxe. Entonces con todo ese tipo de cuestións cremos que hai unha importante participación por parte de SOGAMA, unha importante iniciativa incluso de facer campañas de concienciación, porque tampouco podemos esquecer que todo este tipo de cousas só se pode levar a cabo se hai unha concienciación por parte da xente, calquera tipo de actuación na reciclaxe, na separación, se rompería se non hai unha concienciación importante por parte dos cidadáns; e evidentemente os concellos temos, e os que somos Alcaldes sabémolo, a posibilidade e a obriga de potenciar este tipo de cuestións.

Por tanto a nós pódenos parecer ben este tipo de iniciativas, pero sempre e cando se elimine desta proposta definitiva onde di: “que en base aos fondos dos remanentes de tesourería aprobados no pleno do mes de marzo de 2019 para investir nos concellos, se destine unha cantidade mínima de 500.000 €”; e nós propoñamos unha emenda que diga que a Deputación apoie plans sobre todo para pequenos concellos que queiran desenvolver plans de reciclaxe que leven a reducir os vertidos, financiando estudos, campañas de separación, e incluso inversións en obras e en elementos de contenerización.

Se os donos da moción teñen a ben aceptar esta emenda, nós poderíamos aceptala, do contrario non poderíamos porque cremos que dende SOGAMA e dende a Xunta de Galicia se está operando, e creo que con bo criterio, dunha maneira intensa para tratar de reducir e chegar a ese obxectivo no 2020 onde se reduza; incluso as previsións de SOGAMA son que no 2035 cheguemos a limitar os vertidos ó 10%, paréceme que sería un obxectivo que incluso está por enriba das previsións de todos estes plans para mellorar ese tratamento de reciclaxe e de redución de vertidos”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar resúltame curioso que o Partido Popular propoña engadir esa emenda na moción para que a Deputación apoie campañas, cando a Deputación leva traballando xa dende o ano 2017 precisamente nesa senda, porque temos claro que o sistema de SOGAMA non é o adecuado e os datos están aí, a nivel España estamos moi ó final da cola en canto ós obxectivos de xestión de residuos que ten marcados Europa, polo tanto é un sistema que está sobradamente demostrado que non é eficiente.

O camiño dende logo é a compostaxe, e nese sentido se está traballando dende a Deputación dende o ano 2017, por certo que Outeiro de Rei non está adherido a ese proxecto, pero cincuenta concellos están traballando nese sentido. Dicar que precisamente en base a eses datos e a esas análises que se estiveron facendo de forma individualizada na xestión dos concellos que se adheriron ó programa, solicitouse unha financiación para catro concellos que se adheriron para poñer en marcha proxectos de reciclaxe, e foi a Xunta de Galicia, aínda que a financiación era do Ministerio, quen rexeitou a financiación deses proxectos.

Dende a Deputación temos claro que o camiño da xestión de residuos pasa pola reciclaxe dos residuos, pola compostaxe, e máis tendo en conta que somos maioritariamente concellos rurais onde sería moi fácil poñer en marcha esa xestión.

Sen embargo non imos apoiar esta moción por dous motivos fundamentais; porque non é o momento agora de comprometerse cando está remantando a lexislatura e vai entrar en breve un novo goberno; e porque ademáis consideramos que a financiación nin é seguramente a cantidade que sexa necesaria nin é o lugar adecuado onde se tería que enmarcar. Cando hai un concello que estivera interesado en poñer en marcha un proxecto de forma individual sempre pode financiarlo a través do Plan Único ou tratar de acadar un convenio extraordinario para iso. Para unha concorrência competitiva fai falta tempo para facer unhas bases, e na miña opinión fai falta máis orzamento ca 500.000 euros.

Por tanto a nosa proposta é ou ben deixar isto para o próximo mandato e plantexalo de forma seria, como se ten previsto facer, ou en calquera caso votar en contra”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar eu creo que o que nunca podemos facer nunha Institución é culpabilizar ás persoas, eu sei o sentido do que quere dicir o neste caso voceiro do Grupo Popular, pero as persoas non teñen a culpa; se non hai suficiente conciencia dentro da poboación para actuar de forma correcta en canto ós residuos algo terán que facer tódalas Institucións para evitar iso, o que non vale como desculpa é que as persoas non separan o lixo á hora de botalo.

Tamén dicir que últimamente calquera proposta que se faga sempre se di que estamos no final da lexislatura, a mín non me parece iso ningún tipo de desculpa, entónces o último ano de cada lexislatura non se pode propoñer nada?, e máis tendo en conta que unha moción ten o peso que ten, non deixa de ser unha declaración política de intencións, que se pode aprobar en calquera momento, e incluso queda aí para a seguinte lexislatura para que o goberno, sexa cal sexa, saiba que hai unha intención política dunha Institución de actuar nunha determinada liña apróbase ó principio da lexislatura ou ó final; non me parece unha desculpa para non apoiar unha proposta deste tipo.

Imos aceptar a emenda que propón o Grupo Popular, en primeiro lugar porque, como dixen, unha moción é unha declaración política, e en todo caso eu creo que aceptando a emenda e aprobando a moción non desvirtúa para nada o que nós queremos transmitir, e dende logo conseguimos os obxectivos que tiñamos previsto; en primeiro lugar queda claro polas intervencións que escoitamos que o modelo SOGAMA non funciona e algo hai que cambiar no que é a reciclaxe e o tratamento dos residuos, que hai que facer algo e ten que ser abandeirado dende os propios concellos. Logo tamén queda claro que aquí cando se trata de tocar ó diñeiro que se decidiu gastar de forma subxectiva para os concellos aí si que hai unanimidade dos Grupos maioritarios para que a iso non se lle toque.

Insisto, o que nos interesaba era remarcar esas cuestións que son de certo calado político, e por tanto imos aceptar a emenda.

E para rematar só dous detalles. Cada vez que se fai unha proposta de algo que ten unha importancia de calado político destinado ós concellos non se pode remitir ó Plan Único porque entón habería que meter tódolos fondos que ten a Deputación no Plan Único; aquí hai moito diñeiro que se reparte para os concellos que non vai polo Plan Único, por iso non se pode remitir todo ó Plan Único, iso fariámolo se non houbera outros fondos pero hai fondos que van ós concellos, entón temos que decidir que prioridade política lle damos a ese diñeiro que non está dentro do Plan Único; é máis, se tódolos cartos que hai para os concellos souberamos para que concellos van e para que, aínda que non foran os criterios de reparto obxectivos, este tipo de propostas xa non terían sentido, porque ningún Grupo vai vir aquí para pedir que se quite diñeiro a un concello para darlle outro destino; pero a culpa de que pase isto é por non ter a transparencia necesaria para dicir qué cantidade vai destinada a cada concello e para que, se fora así isto acabábase porque non tiña sentido; pero, mentres non se saiba para onde van, seguiremos facendo propostas deste tipo.

E é certo que posiblemente non cheguen 500.000 euros, ou sobren se hai concellos que non soliciten, lóxicamente é unha cantidade orientativa, nós non estamos no goberno e non temos a posibilidade de facer un detalle do gasto que significaría isto, é unha aproximación; insisto, é unha moción de intencionalidade política e despois a cantidade pode ser máis ou menos, xa se vería cando o goberno de turno faga esta proposta.

En todo caso aceptamos a emenda porque queda claro que SOGAMA non funciona e que hai que facer outra cousa, e que non se queren gastar cartos aprobados nos remanentes que non se sabe a onde van”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Eu en ningún momento culpei ás persoas senón que o que quixen dicir é que para que iso se poda levar a cabo evidentemente unha das partes principais é a concienciación da cidadanía, porque se non hai separación é moi difícil facer calquera tipo de reciclaxe.

E cando di o voceiro do BNG que a esa cantidade non lle toquemos, evidentemente a Deputación ten moitos máis fondos, e tampouco teñen porque ser 500.000 euros, pero pódese adicar doutras partidas, e estou de acordo en que tampouco se pode tocar o Plan Único porque a Deputación segue a ter moitos máis recursos para poder facelo.

E se Outeiro de Rei non se adheriu a este plan sería porque ó mellor non lle gustou, igual teñen vostedes que mirar iso, porque creo que os concellos temos a liberdade de podernos unir ou non; pero si que está adherido ó plan de SOGAMA para a compostaxe.

Aínda que se presente ó final da lexislatura creo que se pode aprobar esta iniciativa ou calquera outra, o final da lexislatura non nos inhabilita mentres estamos aquí para seguir facendo cousas.

E eu non podo estar de acordo en que o sistema de SOGAMA non funciona, creo que en Galicia ese sistema resolveu un enorme problema para tódolos concellos durante moitos anos, estase reorientando e cada día está tendo máis capacidade de reciclaxe e máis capacidade de que vaian menos residuos a vertidos, e creo que se están facendo grandes investimentos, dende logo algúns concellos estamos bastante satisfeitos con ese plan, e o que está claro é que lle da unha solución a toda Galicia para o tema de residuos que me parece bastante aceptable.

Agradecemoslle ó BNG que acepte a nosa emenda, e imos votar a favor desta moción”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Efectivamente as persoas non teñen toda a culpa en canto a concienciación, pero si que é certo que os Alcaldes poden facer moito para poñer en marcha esa concienciación, e de feito a proba está en que en toda España moitos dos concellos que teñen unha xestión pioneira e exemplar foi grazas a que o Alcalde se comprometeu en facer esa concienciación e en cambiar o modelo.

O modelo SOGAMA, e non o digo eu senón que é unha cuestión científica, non é un modelo sostible nin económica nin medioambientalmente, pero en calquera caso non é a nosa responsabilidade cambialo; si que é a nosa responsabilidade asesorar ós concellos, e moitos dos que participaron precisamente puideron rebaixar os custes que estaban pagando por unha inadecuada xestión deses contratos de xestión de residuos.

En calquera caso o compromiso desta Deputación coa xestión de residuos e coa colaboración cos concellos está demostrada porque de feito se está facendo, co que non estamos de acordo é con poñer en marcha unha campaña en concorrència competitiva neste momento e con ese orzamento; polo tanto deixámolo para o mandato seguinte, e seguir traballando nese plan que se está facendo e que precisamente foi a Xunta de Galicia quen non facilitou que se puxeran en marcha proxectos de compostaxe nesta provincia ó negar esas subvencións que foron solicitadas dende esta Deputación”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Bueno pero coa emenda que se acepta xa non existe esa liña de subvencións de concorrència competitiva, teóricamente terían que ir a outro tipo de fondos, co cal non lle vexo inconveniente para que se votara a favor por parte do Grupo Socialista.

Comparto coa voceira do Grupo Socialista, e iso téño claro, pode ser debatible e haberá distintas opinións, que o modelo de SOGAMA non é sostible, pero sobre todo que os datos indican que non funciona, se se contaba que fora o 50% e estamos no 11, e a media estatal é un 30%, significa que o modelo non funciona, co cal hai que cambialo.

E que conste que cando nós propiñamos o que agora retiramos de que se achegara diñeiro dos remanentes que se aprobaron o outro día, insisto por se non quedou claro, é porque aí hai diñeiro aprobado que xa é dos concellos e non hai que quitalo doutras partidas; temos diñeiro aprobado para os concellos que non sabemos para onde vai, entón nós, de forma totalmente lícita, dicimos que vaia para isto, e mentres non se saiba para onde vai seguiremos propoñendo

distintos destinos; e retiramos esa parte porque nos interesa aprobar esta moción, que a Deputación se implique dun xeito máis directo, e se o está facendo de forma máis directa aínda lóxicamente no seguinte mandato e esperemos que dentro de catro anos este problema sexa moito menor do que é agora”.

Rematado o debate, e unha vez aceptada por parte do Grupo propoñente da moción a emenda formulada polo Grupo Provincial Popular, a parte dispositiva da moción queda do seguinte xeito:

“Que a Deputación apoie plans sobre todo para pequenos concellos que queiran desenvolver plans de reciclaxe que leven a reducir os vertidos, financiando estudos, campañas de separación, e incluso inversións en obras e en elementos de contenerización”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez ausentouse da sesión, o que se considera a efectos de votación como abstención segundo sinala o artigo 100 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultados: votos a favor, 14 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 1 (correspondente ao Sr. Deputado non adscrito que se encontra ausente do Salón de Plenos). Polo que o Sr. Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada coa emenda aceptada.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA SOLICITAR AO MINISTERIO DE XUSTIZA A CREACIÓN DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO 3 DE VIVEIRO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción para

solicitar ao Ministerio de Xustiza a creación do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 en Viveiro.

Exposición de Motivos:

Os xulgados de Viveiro están entre os mais saturados de Galiza. Un informe do propio Ministerio de Xustiza di que superan o 200% de carga de traballo, e forman parte do 34,51% dos xulgados galegos que soportan mais traballo do que poden asumir. Estamos a referirnos aos xulgados número 1 e número 2 de Viveiro.

Tendo en conta que estes dous órganos xudiciais atenden a máis de 45.000 habitantes (Ouro, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela e Foz) e que o xulgado número 1 ten ademais, das competencias ordinarias, as de Rexistro civil e o Xulgado número 2 funciona tamén como Xulgado de Violencia sobre a Muller, a creación do Xulgado, num. 3 axudaría a desconxestionar a grande cantidade de casos que tramitan a diario os dous órganos xudiciais viveirenses, contribuíndo con isto a facer da administración de xustiza na Mariña unha administración moderna, áxil e cos recursos suficientes para que @s traballadores/as podan prestar aos usuari@s de Viveiro e da comarca uns servizos dignos e de calidade, tales como a mellora na prestación de servizos ás mulleres denunciante de malos tratos que comparecen no xulgado e que a día de hoxe non reciben unha atención digna, debido à carencia ata dunha sala de espera para acoller ás mesmas e a súas familias, tal e como veñen de denunciar membros da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á Violencia de Xénero en representación do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro.

A creación do terceiro xulgado en Viveiro, sería pois o mais eficiente para descargar o traballo do Xulgado número 1 (que xestiona o rexistro civil) e o Xulgado número 2 (con competencias a maiores en violencia de xénero).

Esta petición dun terceiro xulgado estaría xustificada tamén polo enorme volume de asuntos que contemplan as estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial para Viveiro, onde se xustifica desde hai moitos anos a creación deste terceiro xulgado por superar de xeito folgado

todas as ratios marcadas polo CXPX. De feito, cóstanos que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza leva quince anos solicitándolle ao Ministerio de Xustiza unha dotación orzamentaria para a creación do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 de Viveiro. E os números ratifícanos, sen dúbida algunha, e tamén o sentido común. Só queda a vontade política de facelo.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, propoñendo a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Ministerio de Xustiza á creación do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 en Viveiro coa correspondente dotación orzamentaria”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Traemos unha vez máis unha reclamación dun servizo público neste caso á Administración de Xustiza, e tamén unha vez máis unha reclamación dun servizo na comarca da Mariña, e é relativa ós Xulgados de Viveiro porque están entre os máis saturados de Galicia. Hai un informe do propio Ministerio de Xustiza que di que superan o 200% de carga de traballo, e forman parte tamén do 34% dos xulgados galegos que soportan mais traballo do que poden asumir. Estamos a referirnos aos xulgados número 1 e número 2 de Viveiro.

Hai que ter en conta que estes dous órganos xudiciais atenden a máis de 45.000 habitantes (Ouro, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela e Foz), e tamén que o xulgado número 1 ten ademais das competencias ordinarias as de Rexistro civil, e o Xulgado número 2 funciona tamén como Xulgado de Violencia sobre a Muller. Polo tanto a creación do Xulgado número 3 axudaría a desconxestionar esa grande cantidade de pleitos que tramitan a diario estes dous órganos xudiciais.

Pero a maiores incidiría favorablemente na situación que están padecendo moitas mulleres vítimas de violencia de xénero e de malos tratos, tendo en conta que tampouco en Lugo existe o

Xulgado de Violencia que tantas veces dende o BNG reclamamos, e seguiremos reclamando, pois, como din os propios traballadores e traballadoras do Xulgado que son quen nos propiciaron toda a información que ven nesta moción, as mulleres denunciante de malos tratos que comparecen no Xulgado e que a día de hoxe non reciben atención digna debido á carencia ata dunha sala de espera para acoller ás mesmas e a súas familias; iso denúnciano os membros da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á Violencia de Xénero en representación do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro.

Polo tanto a creación do terceiro xulgado en Viveiro sería o mais eficiente para descargar o traballo do Xulgado número 1 que xestiona o rexistro civil, e o Xulgado número 2 que ten competencias a maiores en violencia de xénero.

Esta petición dun terceiro xulgado estaría xustificada tamén polo enorme volume de asuntos que contemplan as estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial, onde se xustifica desde hai moitos anos a creación deste terceiro xulgado; e tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza leva quince anos solicitándolle ao Ministerio unha dotación orzamentaria para a creación do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 de Viveiro.

Polo tanto o que solicitamos, e esperamos que sexa unánime esta solicitude, é instar ó Ministerio de Xustiza á creación do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 en Viveiro coa correspondente dotación orzamentaria”.

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Nós estamos de acordo parcialmente co Bloque Nacionalista Galego en relación a este asunto; non estamos de acordo coas cifras que manifesta o BNG sobre o exceso no volumen de asuntos. É certo que se trata dunha cuestión problemática non só polo colapso existente nos

Xulgados, sobre todo polos dous de Primeira Instancia que teñen un exceso no número de asuntos, falábase incluso de tres mil asuntos pendentes de resolver a comezos do ano 2019.

Pero principalmente para nós o problema máis grave é a parte que afecta á xurisdicción penal, como ben dixo o voceiro do BNG son as vítimas da violencia machista as que ás portas da instrucción dunha causa penal se ven máis prexudicadas efectivamente por este colapso existente na xurisdicción civil, que arrastra á xurisdicción penal, non porque o número de asuntos penais excedan dos que ten como capacidade ese xulgado pero si polo problema da xurisdicción civil.

Como dixer, a moción entendemos que é aceptable, pero o BNG fala dun volumen de asuntos do 200%; nós cremos que iso non é así porque o propio Consello Xeral do Poder Xudicial ten manifestado que o volume de asuntos é do 102%, hai que tomar como media esa cifra que se produce cada ano; é dicir se collemos o volumen de asuntos que hai atrasados, e a iso lle sumamos os asuntos que entran cada ano tanto na xurisdicción civil como penal, evidentemente nos dá o 200 ou o 300%, pero o que hai que ter en conta é que hai un retraso xudicial e ó mesmo tempo seguen entrando asuntos cada ano.

Isto dicímolo porque o Consello Xeral do Poder Xudicial elabora unha serie de módulos, unha serie de topes de cifras, para medir as cargas de traballo dos órganos xudiciais, que entrou en vigor en data 28 de decembro do ano 2018, e publicouse no Boletín Oficial do Estado do día 29 de decembro. Entón, para aqueles xulgados que teñen competencias en materia civil e penal, como é o caso dos xulgados de Viveiro, os módulos de entrada de carga de traballo establécense para os asuntos civís en 680 asuntos ó ano, e para os asuntos penais o que di o Consello Xeral do Poder Xudicial é de 1000 asuntos penais por ano o módulo de entrada.

Tomando en consideración esas dúas cifras, 680 para os civís e 1000 para os penais, a situación é que de asuntos civís efectivamente entran máis dos que poden enxuízar os xulgados do civil, é dicir que entrarían uns 810 por ano, e iso suporía o 119%, por tanto iría pasado o 19% da súa capacidade; e nos asuntos penais, que estamos dicindo que a cifra que manexa o Consello Xeral do Poder Xudicial é de 1000, a entrada de asuntos penais serían 848 por ano, non chegaríamos ó 100% senón que estaríamos no 85%; iso supón, sumando esas dúas cifras e dividindo polos dous

órganos xudiciais que existen, o dato que nos ofrece o Consello Xeral do Poder Xudicial, por iso eles din que están no 102%.

Iso non significa que non haxa que botar a man por estes xulgados, porque efectivamente hai un retraso moi importante nos asuntos e hai que telo en conta e, como dicimos, as principais prexudicadas son aquelas vítimas de violencia machista que chegan ó Xulgado e lóxicamente non son atendidas como deberan ser, porque un asunto civil pode esperar quince ou vinte días máis ou menos, e evidentemente unha vítima de violencia machista xa bastante prexuízo ten con ter que ir ó Xulgado se aínda encima ten que agardar.

Dicimos isto porque á luz dos recentes módulos publicados en decembro do ano pasado, e tendo en conta a estatística que elabora o Consello Xeral do Poder Xudicial, segundo eles non se estaría na situación de crear un novo órgano xudicial senón de buscar unha situación de reforzo, ben cun xuíz de apoio e un letrado da Administración de Xustiza de apoio e os seus correspondentes funcionarios, para tratar de buscar unha solución; o que sí é certo é que ós Xulgados de Viveiro hai que buscarlles unha solución porque evidentemente esta situación de retraso e de colapso que padecen hai que desbloqueala canto antes.

Recentemente nos últimos casos de creación de novos órganos xudiciais que temos na nosa Comunidade Autónoma veuse producindo cando exceden do 140% no módulo de entrada, esta circunstancia non se da en Viveiro pero non significa que nós non esteamos de acordo en que haxa que buscar unha solución ó retraso que padecen tanto os Xulgados de Primeira Instancia como de Instrucción que son mixtos no caso de Viveiro”.

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Efectivamente nós concordamos en que a necesidade dese Xulgado número 3 non é tan urxente como o é por exemplo noutras zonas como pode ser Sarria ou Lugo. En calquera caso imos

apoiar esta moción, pero si que quería facer o comentario que o que realmente nos transmitiron foi a necesidade de espazo nesas Xulgados; recentemente vimos fotografías na prensa de salas de espera que teñen que utilizar as mulleres que van denunciar un maltrato, e é absolutamente indignante.

E é máis indignante cando sabemos que dende o ano 2012 o concello de Viveiro iniciou os trámites para ceder un local á Xunta de Galicia para ampliar eses xulgados, que foi comunicado despois de todo o procedemento de cesión en decembro de 2015 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e dende entón o concello está esperando a que a Xunta reciba ese local de case 800 m² que lle permitiría ter espazo para o arquivo que está agora mesmo nunha situación de saturación, e que ademais encima obriga ás mulleres vítimas de violencia de xénero a ter que ocupar ese arquivo como sala de espera cando están denunciando.

Por tanto nós apoiamos a moción porque é positiva se se consegue un xulgado estupendo, pero cremos que é prioritario que a Xunta de Galicia reciba ese local para facer a ampliación correspondente do xulgado que existe agora, e facer máis cómodo o traballo cotiá. E ó mesmo tempo facer notar que o retraso que hai ten máis que ver coa mala xestión precisamente despois desa folga que viña reclamar unha xestión adecuada da xustiza, que non se está cumprindo con ese plan que propuxo a Xunta precisamente para recuperar as horas perdidas e poñer máis ó día o número de expedientes. En calquera caso, con esas anotacións, apoiamos a moción”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Agradecer o apoio que se acaba de mostrar por parte do Grupo Socialista; entendo que tamén o apoio do Grupo Popular, creo que todos eses datos que acaba de aportar na súa intervención veñen dicir o mesmo, que xustifican a necesidade dun terceiro xulgado.

E con respecto ó local, efectivamente somos conscientes de que existe alí un local ó lado, tal e como dixeron as propias traballadoras e traballadores, que xa fora ofertado á Xunta, e así nolo comunicaron en días pasados que estivemos alí. Por tanto todos eses datos xustifican a necesidade

dun terceiro xulgado de Primeira Instancia e Instrucción, independentemente doutras necesidades que haxa noutros concellos da provincia con este tema”.

Neste momento incorpóranse á sesión o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, e o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo tanto o Pleno da Corporación por maioría acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, DE APOIO AO RECOÑECIMENTO DAS FESTAS PARROQUIAIS GALEGAS COMO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL DE GALICIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de apoio ao recoñecemento das festas parroquiais galegas como patrimonio cultural inmaterial de Galicia, que se basea nesta

Exposición de Motivos

As festas parroquiais constitúen unha tradición cultural viva e arraigada ao longo do tempo, que contribúe decisivamente a conformar a identidade e a cohesión social dos veciños e veciñas de Galicia. Son un elemento cunha importante relevancia para o conxunto de Galicia e, en particular, para a provincia de Lugo. As festas, as reunións familiares arredor do día do patrón, forman parte

da nosa cultura e xeran riqueza nos nosos pobos, aldeas e parroquias. En Galicia prodúcese un fenómeno particular e único, con fins de semana con máis de 200 festas.

Así, as orquestras e as verbenas son dous factores claves sen os que non poderíamos entender este tipo de festexos tal e como son. Trátase dun sector que xenera miles de postos de traballo directos en Galicia.

Neste senso, a Asociación Galega de Orquestras leva a cabo un traballo encomiable de promoción e divulgación da festa popular galega co obxectivo de que sexa declarada Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia. Entre as actuacións que está a desenvolver esta asociación cabe destacar a recollida de sinaturas para apoiar a proposta de solicitar á Xunta de Galicia que as festas parroquiais galegas sexan recoñecidas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia ou o “Tributo á Verbena” que se desenvolveu en Mondoñedo entre os días 5 e 7 de abril, unha homenaxe ás festas para poñer en valor a cantidade de xente que poden convocar e reivindicar a festa.

Por outra banda, a Asociación Galega de Orquestras, en consonancia co exposto anteriormente, tamén considera necesario que se regule este sector xa que as festas xeran riqueza e é preciso axudar a que se organicen sen poñerlles trabas.

Desde o Grupo Provincial Popular queremos mostrar o noso apoio a esta reivindicación e consideramos axeitado que, tendo en conta a importancia que teñen as festas parroquiais en cada un dos concellos da nosa provincia, a Excm. Deputación Provincial de Lugo se implique neste asunto apoiando a iniciativa da Asociación Galega de Orquestras para que as festas parroquias galegas sexan recoñecidas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia e, polo tanto, se comprometa a colaborar e promocionar a recollida de sinaturas.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción de apoio ao recoñecemento das festas parroquiais galegas como patrimonio cultural inmaterial de Galicia, e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A Corporación da Excma. Deputación Provincial de Lugo mostra o seu apoio ao recoñecemento das festas parroquiais galegas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia na súa categoría de Ben de Interese Cultural.

2º.- Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo colabore coa Asociación Galega de Orquestras e, polo tanto, promocióne e divulgue a recollida de sinaturas para apoiar a solicitude de que as festas parroquias galegas sexan recoñecidas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Socialista propón nesta moción substituír os acordos pretendidos polo seguinte:

1º) A Corporación da Excma. Deputación Provincial de Lugo mostra o seu apoio ao recoñecemento das festas parroquiais galegas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia na súa categoría de Ben de Interese Cultural e instar á Xunta de Galicia a que realice os trámites oportunos para acadar dito recoñecemento.

2º) Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo colabore coa Asociación Galega de Orquestras nas accións que se desenvolvan para que as festas parroquiais galegas sexan recoñecidas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Creo que esta petición é bastante clara, é unha iniciativa que sae da Asociación Galega de Orquestras, unha Asociación que leva traballando a prol de defender os dereitos das entidades de xestión cultural e empresas culturais, e a reivindicación vai enmarcada na posta en valor e

recoñecemento de toda a aportación dun fenómeno que creo que todo o mundo recoñece, e creo que seguramente a maior parte dos que hoxe estamos aquí nalgún momento participou e colaborou na súa parroquia ou no seu concello na organización destes eventos.

Hai unha parte máis vinculada ó ocio, que ó mellor puidera ser máis prescindible, pero si que leva implícito, e recoñécese dende tódalas asociacións de comerciantes, negocios dos pequenos concellos, tamén esa parte social; a ninguén se nos escapa que as persoas que durante anos se viron obrigadas a marchar vivir lonxe do concello onde naceron, se nalgún momento teñen opción de elixir as vacacións, nunha porcentaxe moi ampla fano coincidir co que é realmente un fenómeno social que é a festa da súa parroquia.

A Asociación Galega de Orquestras ven de iniciar unha recollida de sinaturas, concretamente inciounas no meu concello, Mondoñedo, no pasado mes, a recollida das sinaturas está xa nas dez mil e teñen previsto cando remate toda a tempada estival, que é sen dúbida unha época onde as festas se multiplican, poder continuar recolléndooas e entregándooas nas Institucións nos órganos que teñen capacidade para decidir, ben sexa a nivel nacional, a nivel galego, e tamén a nivel provincial.

Esa é a nosa petición, que a Corporación desta Institución mostre o recoñecemento ás festas parroquiais galegas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia na súa categoría de Ben de Interese Cultural; está iniciado tamén un expediente cos correspondentes informes feitos pola Universidade da Coruña. E que a Deputación colabore con esta Asociación, e que promociione e divulgue a recollida de sinaturas para apoiar esta solicitude que creo que afecta a toda Galicia pero moi especialmente á nosa provincia”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Compartimos en gran medida a reflexión que acaba de facer a Voceira do Grupo Popular, e que tamén se fai referencia a estas cuestións na Exposición de Motivos desta moción; entendemos que efectivamente as festas parroquiais e patronais de Galicia poñen en valor parte da nosa cultura

e xa forman parte tamén das nosas tradicións; e hai que recoñecer tamén o impulso e o traballo que levan facendo e ese labor encomiable por parte da Asociación Galega de Orquestras, que pretenden promocionar e divulgar a festa popular galega e impulsala de tal xeito que sexa recoñecida como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia; algo terá que ver tamén con todo isto a Lei de Espectáculos de Galicia, pero en todo caso ese non é un tema a debater neste momento.

E máis aló de que se trate dunha iniciativa un tanto oportunista por parte da Voceira do Grupo Popular, despois desa xuntanza de orquestras que se fixo en Mondoñedo nese tributo á verbena, nós deixamos estas cuestións á marxe, e si que nos gustaría apoiar a moción.

Tamén é certo que vimos de presentar unha emenda de substitución, aínda que non ven substituír a totalidade dos acordos senón que ven puntualizalos. No primeiro punto mantén o corpo do acordo tal e como vostedes o presentan, e o único que engadimos despois do texto que vostedes teñen no primeiro punto é “instar á Xunta de Galicia a que realice os trámites oportunos para acadar dito recoñecemento”, entendendo que isto si é unha cuestión que debe levar a cabo a Xunta de Galicia.

No segundo dos acordos que di: “que a Excm. Deputación provincial de Lugo colabore coa Asociación Galega de Orquestras nas accións que se desenvolvan para que as festas parroquiais galegas sexan recoñecidas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia”, suprimimos a parte final coa finalidade de que tal vez haxa que desenvolver máis accións que non só se limiten a unha parte de recollida de sinaturas e que a Deputación de Lugo nese caso tamén poda estar presente, e non facelo como promotor senón como colaborador que creo que é o que lle corresponde ás Institucións neste caso. Se nos aceptan as emendas votaremos a favor con grande gusto”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para anunciar o seu voto a favor.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“A nós parécenos interesante a grandísima importancia que teñen como dinamizadores da nosa sociedade as festas parroquiais que é algo que se perde na noite dos tempos, e xa retrocedendo séculos e miles de anos atrás cando tódalas colectividades facían unha festa na época das colleitas. Podíamos discutir se a verbena é unha tradición ou un costume, porque non é o mesmo tradición ca costume, normalmente chámase a todo tradición aínda que haxa quince anos que se fixera, pero isto sería outro debate máis amplo.

Apoiamos totalmente as verbenas galegas que tiveron o seu esplendor nos anos 50, 60 e 70, a súa decadencia nos anos 80, e o seu rexurdimento outra vez a finais dos 90 e a principios dos anos 2000, xa nun plano moito máis mercantilista e economicista; en moitos casos xa supera o que era o propio concepto de verbena que se entendía na aldea, pero dun xeito ou doutro axudan a dinamizar a economía. Outro debate é as condicións laborais por exemplo dos músicos das orquestras, que sería algo a falar, e denunciado tamén en moitos casos.

Repito que sería un debate moi amplo, pero parécenos ben que se faga esa proposta para que sexan consideradas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia, aínda con moitas salvidades, porque a mín gustaríame ver a proposta, aquí estase a falar dunha proposta e dunha recollida de sinaturas pero quen trae esta proposta debera traer tamén esa documentación e esa información para saber o que estamos votando; paréceme ben tamén esa emenda de instar á Xunta de Galicia a que realice os trámites oportunos para acadar dito recoñecemento; e, con tódolos respectos para a Asociación Galega de Orquestras, non sei se son quen para inicialo, pero se ese respaldo o leva unha Institución como a Xunta de Galicia teríamos moitas máis garantías.

Tamén recordar que o concepto de festa e de verbena variou bastante, e en moitos casos perdeuse a identidade inicial, e dende o Goberno desta Deputación por parte dos compañeiros Antón Bao e Mario Outeiro incidiuse moitísimo neste tema, por iso crearon aquel Programa que aínda existe que se chama “Musiqueando”, que era para darlle ás nosas festas parroquiais outra alternativa que non fora só unha orquestra cuns prezos excesivos para moitas parroquias, e seguro que tódolos membros de comisións de festas que nos están escoitando o saben ben, e dende aquí séguese fornecendo, por aquela idea de Antón Bao e de Mario Outeiro, as comisións de festas de grupos de música tradicional, de bandas de música, de corais, e de grupos que teñen moito que ver

coa nosa tradición e coa nosa cultura, porque viamos que a esencia da verbena e das festas e romarías estabase perdendo. Aproveito para dicirlle a quen lle toque gobernar esta Institución a partires de maio que ese Programa se amplíe porque é moi ben recibido en tódalas comisións de festas en tódalas parroquias.

Con estes condicionantes nós imos apoiar esta proposta, independentemente de que cheguen a acordos ou non en que sexa de substitución ou de engádegas esa emenda, queremos que sexa unánime”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“O momento escollido é realmente o momento onde a Asociación Galega de Orquestras ten a documentación suficiente e decide dar o paso, fíxose coincidir con abril ou maio como se coincidira con outra data.

Gustárame puntualizar isto porque se realmente este acordo ten algunha validez, e somos todos coñecedores de que desgrazadamente moitos acordos que se adoptaron nesta Corporación por unanimidade non chegaron a executarse, pero o valor disto é precisamente que tódolos Grupos Políticos esteamos de acordo.

Por iso, e nese contexto, este Grupo vai facer un esforzo por chegar a unha unanimidade, porque creo que é o que máis podemos aportar ás comisións de festas, á nosa cultura, pois non cabe dúbida de que ata moitas veces á festa das parroquias é o mellor escaparate para que a xente de fóra visite as nosas parroquias e as nosas aldeas, niso parece que todos estamos de acordo. É verdade que a consecución desa distinción, como reflexionaba o BNG, ten un expediente complexo, iso ademáis interésanos a todos porque senón incluso sería desvirtuar a propia declaración.

Entonces se nós na proposta de acordo non dabamos unha orde, que é como parece que pretende emendar o Grupo Socialista, á Xunta de Galicia era porque precisamente tampouco temos nin os coñecementos, nin creo que debe ser o noso papel esixirlle á Asociación Galega de

Orquestras a fiscalización de todo o que ten, a nós fixéronnos achega do informe que se fixo dende a Universidade da Coruña, que por suposto non teño ningún inconveniente en compartir, pero nós obviamente non somos quen temos que fiscalizar e axudar a conquistar ese resultado, podemos facelo con algunhas iniciativas como as que eu citaba aquí da recollida de sinaturas.

Por tanto no punto dous non hai ningún inconveniente en aceptalo como de substitución; e no punto un, e non porque a Xunta de Galicia sexa gobernada polo Partido Popular, senón porque parece como que nós temos fiscalizado todo o expediente e está todo perfecto para que o autoricen xa, e iso neste momento, ademáis sendo o Grupo que máis coñece do expediente, eu non podería confirmar que puidera ser automático neste momento como para instar de maneira inmediata a que este recoñecemento se faga; se somos capaces de redactar dunha maneira que se complementa o expediente e que se axude sen que se dea unha orde, porque eu neste momento non teño a completa seguridade de que todo este expediente estea completo, e nós, que recentemente vimos de conquistar nesta provincia importantes recoñecementos, incluso que nos afecta coma o “Toque de Campá” que foi unha declaración que fixo o Ministerio de Cultura e que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o 23 de abril, que lle afecta concretamente ó meu concello, pero seguramente algún máis da nosa provincia.

Entonces si que lle agradecería que na redacción non fosemos tan incisivos na orde, senón propoñer que coa maior celeridade, co maior apoio, se inicien os trámites para que podan chegar a esa consecución. Dito isto, se me permite esa matización que eu creo que non desvirtúa en modo ningún a súa reivindicación, e enfocando a súa proposta con ese talante conciliador e con esa altura de miras porque eu creo que o obxectivo do movemento que inicia a Asociación Galega de Orquestas é fundamentalmente ese.

Dicía o Bloque Nacionalista Galego que o Programa “Musiqueando” viña con ese fin, casualmente non son as orquestras quen máis se poden beneficiar dese Programa; é máis, se non recordo mal, creo que non se poden acoller a ese programa; vostede pónao en valor coma unha medida que pode axudar ás comisións de festas a organizalas, pero venme ó recordo porque precisamente unha das reivindicacións que nos trasladaba esta Asociación Galega de Orquestas era que facía unha diferenza porque hai orquestras que son verdadeiros organismos empresariais

cunhas facturacións enormes, e todos sabemos en quen podo estar pensando, pero logo hai outras orquestras dunha dimensión, facturación, e medios, moi inferior que pedían que alo menos non foran excluídos taxativamente das ordes de axuda, e que puideran encontrar nos fondos provinciais algún tipo de aliciente tamén para que as comisións se animaran a poder ter algunha axuda pública, e que dentro dos custes puideran ir incluídas estas actuacións.

Evidentemente iso non se traduciu á proposta, creo que a reivindicación é de maior calado, e que imos protexer o que é un patrimonio inmaterial indiscutible, e un elemento dinamizador dos nosos concellos, grandes ou pequenos, fundamentalmente dos pequenos, e por suposto tamén manifestar ese sentimento de orgullo das nosas parroquias e da nosa estrutura territorial que nos identifica e que temos a obriga de dinamizar.

Por tanto se me permite que se inste no momento en que estea o expediente completo, ou con tódalas garantías que marque a normativa, e que non sexa unha orde tan taxativa, non hai ningún problema en aceptar a emenda”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Concordando coas reflexións que facía o Bloque Nacionalista Galego, e ás que vostede facía alusión, é certo que dende esta Institución a través do Programa “Musiqueando”, que non é un programa de subvencións exactamente senón que é un programa a través do que se contratan agrupacións musicais de música tradicional, bandas de música, ou corais, axúdase sen dúbida ás comisións de festas porque o feito de que poidan contratar eses grupos permítelles ter un aforro para facer outro tipo de contratacións, facelo para orquestras sería meter a empresas directamente, estamos a falar de colectivos culturais e non de empresas. E tamén a través da liña de concorrência de subvencións de cultura para entidades culturais poden solicitar, e logo a maiores o Plan Único ós concellos, e outras cuestións.

Pero imos centrarnos no tema, nós as emendas que lle facemos é porque pensábamos que reforzan a proposta que fai o Grupo Popular, buscando a implicación da Xunta de Galicia e

salvagardando tamén o papel da Deputación de Lugo como pode acontecer con outras Administracións como mero colaborador. Polo tanto podemos acceder a que no seu momento a Xunta de Galicia, cando o expediente estea completo, diga vostede como quere redactalo nese sentido; e no segundo punto entendo que o deixariamos tal e como vai na emenda; nese sentido non hai ningún problema pola nosa parte, simplemente puntualizar que termo se utiliza, instar á Xunta de Galicia no seu momento, ou promover cando o expediente estea completo, vostede decide”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Simplamente puntualizar o que me estaba a dicir a Voceira do Grupo Popular, e con permiso da Deputada de Cultura que é a responsable do “Musiqueando”, pero creo que as bases seguen sendo as mesmas que se puxeran no seu día, efectivamente vai dirixido a asociacións sen ánimo de lucro, e non se meten nese Programa “Musiqueando” porque é para potenciar a música tradicional galega de corais, de bandas e de grupos de gaitas, e non se meten outros formatos musicais de orquestras que son de menos entidade pero que reproducen o que fan as orquestras grandes; e estou recollendo a filosofía de como foi creado e como se mantén nas bases, e creo que está ben e se debe manter así, e a quen teña a responsabilidade a partires do 26 de maio o único que lle pido é que o faga máis grande e, na medida das posibilidades, se inclúan máis grupos e máis cartos para as festas parroquiais”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“Entonces se lle parece instamos á Xunta de Galicia a colaborar coa Asociación Galega de Orquestras para acadar dito recoñecemento, e desta maneira incluso se algún dos trámites non está completo tamén poderá implementar.

Creo que son uns acordos que tamén marcarán un pequeno fito histórico na nosa Galicia, e que esa reivindicación veña dunha provincia con 67 concellos pero con moitas entidades parroquiais e con moitas festas. E permítanme tamén que o feito de que poda defendela, sendo a

Alcaldesa do concello que ten as festas máis antigas de Galicia, que case as empeza, e de feito están comezando hoxe unhas que son “As Quendas”, e case remata, porque son as últimas do ano, pois permítame que comparta con vostedes tamén que me enche de gran orgullo.

Isto é o primeiro paso, e creo que será positivo para salvagardar o noso Patrimonio Cultural Inmaterial”.

Unha vez rematado o debate, e aceptadas polo Grupo propoñente as emendas presentadas polo Grupo Provincial Socialista, a parte dispositiva da moción queda redactada do seguinte xeito:

1º.- A Corporación da Excma. Deputación Provincial de Lugo mostra o seu apoio ao recoñecemento das festas parroquiais galegas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia na súa categoría de Ben de Interese Cultural e instar á Xunta de Galicia a colaborar coa Asociación Galega de Orquestras para acadar dito recoñecemento.

2º.- Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo colabore coa Asociación Galega de Orquestras nas accións que se desenvolvan para que as festas parroquiais galegas sexan recoñecidas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, RELATIVA AO USO ELECTORALISTA E PARTIDISTA DO GOBERNO PROVINCIAL DOS INVESTIMENTOS REALIZADOS POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión

ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa ao uso electoralista e partidista do Goberno Provincial dos investimentos realizados pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, que se basea nesta

Exposición de Motivos

Desde o Grupo Provincial Popular vemos necesario denunciar o comportamento do Goberno Provincial, do Grupo Provincial Socialista e do PSOE por estar facendo unha campaña electoralista e partidista á conta da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Isto vén en relación ás seguintes notas de prensa do PSOE:

- 25 de marzo de 2019: *“Os socialistas achegamos 2 millóns para actuacións no Saviñao. Iso é o castigo ao que se refire o señor Armesto?”*.
- 27 de marzo de 2019: *“O PSOE financia con 2 millóns melloras en Barreiros como o arranxo da contorna do centro de San Miguel Reinante”*.
- 9 de abril de 2019: *“O PSOE financia con máis de 330.000 euros as obras para mellorar os 2 campos de fútbol de Taboada”*. (titular que se viron obrigados a rectificar tras denunciálo publicamente o Grupo Provincial Popular: *“Impulsamos dende o goberno da Deputación a mellora dos 2 campos de fútbol de Taboada”*).
- 10 de abril de 2019: *“Os socialistas melloran os accesos a 5 parroquias de Ribadeo, beneficiando a 1.000 veciños”*.

Ante estes titulares de prensa a nosa pregunta é clara: ¿Pretende o Goberno Provincial facer crer aos veciños e veciñas deses concellos que entón é o PSOE o que aboa o importe desas obras?

Non entendemos e cremos que debemos criticar esta práctica porque ademais estamos convencidos de que esta non é a maneira de facer política e que se está utilizando á Deputación de Lugo dunha maneira incorrecta. Se hai un investimento no Saviñao, Barreiros, Taboada ou Barreiros é grazas a uns investimentos da Deputación que nun Goberno en minoría se deciden nun pleno da Corporación Provincial.

Ante isto, desde o Grupo Provincial Popular queremos deixar meridianamente claro que o PSOE nin paga, nin financia as obras destes 4 concellos. Por iso, e ante un excesivo uso político da Deputación Provincial ao servizo do Partido Socialista, temos que reprobamos ese comportamento e temos que pedirlle ao presidente da Deputación que lidere institucionalmente como procede calquera comunicación institucional e respectuosa sobre investimentos en calquera concello da provincia.

Desde o Grupo Provincial Popular consideramos que este tipo de anuncios ademais de ser incorrectos son pouco éticos.

Polo tanto, reafirmamos que o PSOE non fai obras, non financia obras, é a Deputación Provincial grazas a uns orzamentos que tiveron que negociar e que, en todo caso, a nivel institucional ten que ser respectuosa cos concellos e non porque llo diga o Grupo Provincial Popular, senón porque foi aprobado nun Pleno no que se obrigou a exixirle ao presidente que deixara de facer esta campaña electoralista á conta da institución provincial.

Así, recordamos que foi preciso modificar nun Pleno da Deputación as bases do Plan Único para exixirles que non incorreran neste tipo de prácticas.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa ao uso electoralista e partidista por parte do Goberno Provincial dos investimentos realizados pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Reprobar o comportamento do Goberno Provincial ao estar a realizar un uso electoralista e partidista dos investimentos realizados pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Esixir ao Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo a que lidere institucionalmente como procede calquera comunicación institucional e respectuosa sobre investimentos en calquera concello da provincia.

3º.- Esixir ao Goberno Provincial a que cumpra escrupulosamente o establecido nas bases do Plan Único e que non volvan a incorrer neste tipo de prácticas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“O que pretendemos con esta moción dalgunha maneira é unha chamada á orde, un “basta xa”. Vimos ó longo dos meses de marzo e abril como o Partido Socialista, dun xeito sen precedentes, dunha maneira que máis ca recordarnos que estamos nun país democrático parece unha república chavista, vemos como confunden tremendamente Partido Socialista e Deputación. Vemos como utilizan unha campaña electoralista dirixida dende a administración provincial, e eu creo que hai que dicir “basta xa”, hai que diferenciar, temos que ser serios, o que é o Goberno da Deputación e o que é o Partido Socialista.

O 25 de marzo de 2019 vimos esas publicacións onde dicían “os socialistas achegamos dous millóns para actuacións no Saviñao”; volviamolo ver o 27 de marzo, “o PSOE financia dous millóns de melloras en Barreiros”; tamén o 9 de abril de 2019, “o PSOE financia con máis de trescentos trinta mil euros os campos de fútbol de Taboada”; ou volviamolo ver o 10 de abril de 2019 con eses accesos que o Partido Socialista financia a cinco parroquias de Ribadeo.

Eu creo que unha cousa é o Partido Socialista e outra é a Institución, creo que non todo vale; ten que chegar un momento en que temos que sentar as bases dunha certa normalidade democrática, que non podemos utilizar esa maneira de enganar ós veciños, agás que esas obras nos digan que as paga o Partido Socialista. Están moi ben eses eslóganese, pero creo que estamos intentando representar a administracións e polo tanto non podemos confundir eses termos.

Dun xeito normal, cremos que é un “basta xa” de utilizar a Deputación como sede do Partido Socialista, que aquí estea un equipo humano traballando para o Partido Socialista, que vexamos eses eslóganese tódolos días nos medios, e o que lle pedimos é reprobar enérxicamente o comportamento do Goberno Provincial ao estar a realizar un uso electoralista e partidista dos investimentos realizados pola Excm. Deputación Provincial de Lugo. Esixirlle ó Sr. Presidente da Deputación que lidere institucionalmente como procede calquera comunicación institucional e respectuosa sobre os investimentos en calquera concello da provincia. E esixir ao Goberno Provincial que cumpra escrupulosamente o establecido nas bases do Plan Único, onde xa por parte do BNG se pedía que dalgún xeito deixáramos de ver eses macromagostos e macrofestas, e sempre en nome do Partido Socialista.

Polo tanto, buscando eses obxectivos de normalidade democrática e que non se utilicen as institucións, e buscando que, agás que aquí non se explique que eses millóns que vostedes dicían nos titulares os paga o Partido Socialista e non a Deputación de Lugo, se tomen estes acordos.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir que reserva a súa intervención para o segundo turno.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Estaba lembrando agora mesmo que non hai moito no meu concello unha amiga miña díxolle a outra veciña: “ímos a unha cea que paga o Alcalde”, sen mala intención, e dílle a miña amiga: “eu se paga o Alcalde vou”; pois aquí case habería que aplicarlle o mesmo conto, se realmente os investimentos foran con fondos do Partido Socialista, perfecto, que publiciten o que queiran; pero a mín non me parece nin ético nin aceptable que cartos que son de todos, cartos que a moita xente lle custa sangue, suor e bágoas poder pagar os impostos, e que chegue unha administración pública e logo haxa alguén, neste caso coas siglas dun Partido Político, que queira apropiarse deses cartos para dicir que os inviste nalgún sitio.

Por tanto paréceme que é totalmente reproable, neste caso faino o Partido Socialista pero diría exactamente o mesmo fágao quen o faga, porque incluso nin sequera se matiza, xa que se podía dicir perfectamente que “o Partido Socialista no goberno da Deputación impulsa un investimento”, pero é que son titulares completamente taxantes e que incluso non admitirían interpretación porque literalmente di que o Partido Socialista inviste tantos cartos nos campos de fútbol en Taboada, non me parecen de recibo eses tipo de comportamentos e creo que son sempre reproables, e hai que curtar con este tipo de situacións.

Eu imaxino, aínda que non sei se pasa e non vou defender ó Partido Popular, Deus me libre, e nesta cuestión moito menos, pero que alguén imaxine se viramos un titular dunha nota de prensa que diga: “o Partido Popular convoca mil prazas nas oposicións de ensino secundario este ano en Galicia”, sería algo completamente inadmisíbel e completamente inaceptable, e o mesmo hai que aplicarllo a calquera outro tipo de utilización do diñeiro público para facelo en nome dunhas siglas.

En canto ó Plan Único, é certo que se aceptou unha proposta nosa para matizar algo ese tipo de cuestións, pero a que realmente o curtaba non foi aprobada porque o Partido Popular tamén votou en contra, que era realmente a que lle daba o protagonismo dos investimentos a quen diseña as obras, a quen fai o seguimento, a quen contrata, que son os propios concellos, pero alo menos algo avanza e esperemos que no futuro se avance aínda máis nesta liña”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que semella que o que hai aquí enriba da mesa é simplemente unha reprobación por gobernar, que é o que lles escoce, o que lles molesta, e o que lles doe, que se acheguen investimentos a tódolos concellos, que se atendan as necesidades en servizos sociais, que se incremente a dotación para os recursos do servizo de axuda no fogar, que se poñan en marcha plans de investimento na Rede Viaria Provincial; todo iso é o que realmente lles molesta, e levan unha lexislatura tratando de ocultar que quen goberna na Deputación Provincial é o Partido Socialista, e ademais non hai dúbida, en solitario, once Deputados que son do PSOE e que

participamos e formamos parte do Goberno do Presidente da Deputación, que é do Partido Socialista tamén; e polo tanto temos encomendada a xestión, a dirección, a toma de decisións políticas sobre como se administran os recursos e os instrumentos que ten a Deputación de Lugo, e está ó noso alcance tomar decisións sobre eles. E con esa potestade, para a que nos lexitima o feito de ser Goberno, decidimos e impúlsanse investimentos ou liñas de actuación nos diferentes eidos e nos diferentes ámbitos.

Agora dan un paso máis, queren que o Partido Socialista non vaia a ningures, queren que o Partido Socialista non fale cos seus compañeiros, queren que o Partido Socialista non visite o territorio, que desapareza da axenda política, e plantexan unha reprobación, pois é normal que unha oposición que non fai propostas plantexe que non haxa iniciativa por parte de quen goberna a Deputación; pero realmente o que lles preocupa é que os cidadáns da provincia de Lugo saben quen goberna na Deputación, e saben quen pon dificultades, quen pon trabas, quen pon obstáculos, para que eses que gobernan na Deputación, que é o Partido Socialista, podan impulsar e desenvolver iniciativas tan importantes para a nosa sociedade como a rede de residencias da terceira idade, como o centro de recría Gayoso Castro, como a mellora da rede viaria provincial, como plans de emprego, como axudas á actividade cultural, tamén ás iniciativas deportivas, un plan estratéxico de turismo.

Iso é o que lles escoce, que cando goberna o Partido Socialista esta provincia ten vida, ten oportunidades, e polo tanto, xa que non poden bloquear que fagamos cousas e que impulemos a esta provincia, alo menos a ver se conseguen que non se saiba que quen goberna na Deputación é o Partido Socialista. Tiveron oportunidades fantásticas para sumar, para apostar, para apoiar, pero nunca tiveron a contundencia e a rotundidade de dicir “si, imos estar nesta tarefa”, seguen na da reprobación; reprobaron ó Presidente da Deputación, pois non nos foi tan mal esa reprobación, creo que con esta tampouco nos vai ir moito peor”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Creo, Sr. Alvaro, que perdeu unha oportunidade importante para dicir que foi un erro e que se equivocaron.

Claro que os veciños de Lugo saben quen goberna na Deputación, sábeno cando pasan por miles e miles de fochancas nas estradas provinciais. Fala vostede das residencias, claro que saben quen goberna na Deputación, saben quen despois de prometelas ás portas de dúas eleccións seguen pechadas e sen crear unha praza nin un posto de traballo cando volvemos estar ás portas dunhas eleccións.

Aquí non reprobamos por gobernar, se vostede está gobernando e pode facer algo é porque hai algúns Partidos serios na oposición que negocian e lle facilitan aprobar uns Orzamentos, e porque aquí se negocian as cousas; o que non pode ser é que un Partido confunda a sede do Partido Socialista coa Institución, e cando vexo estes titulares se eu fora o Secretario Xeral do Partido Socialista caeríame a cara de vergoña. O que non pode ser é que digan nunha Deputación que “o PSOE financia”, e que acaso van pagar vostedes cos cartos do Partido Socialista estas obras?, ou estas obras saíron dunha Corporación onde se negociaron uns Presupostos e se aprobaron uns investimentos?. Isto non é nin ético nin serio, e non parece que esteamos nunha democracia, nin en Europa, nin en España, isto é o puro estilo chavista.

Eu creo que vostedes tiñan hoxe a posibilidade de dicir que foi un erro; pero que me di vostede destes titulares?, o que non se pode utilizar é Partido Socialista, que a sede a teñan na Deputación, que estean sometendo a traballadores desta Institución a terlle que facer os titulares de prensa en nome do Partido Socialista.

Polo tanto isto non é nin ético nin aceptable, isto sería tremendamente reproable, nunca outro Partido se atreveu a facelo así en España, e eu o que lle digo é que teñen a posibilidade de emendar. E claro que un goberno ten que ser reproable cando fai estas cousas, isto non é gobernar, vostedes están cun goberno en minoría, encontraron unha oposición seria e leal, que soubemos chegar en catro anos a acordos para sacar uns investimentos que vostedes xamais poderían ter sacado; pero non todo é publicidade e propaganda, hai que realizar accións, e non poden utilizar o Partido Socialista coma se fora unha institución; e iso sábeno os lucenses, e eu creo que basta xa,

empecen a ser serios e sensatos, e se cren que estes titulares están ben e non se arrepiñen deles collan estas inversións e páguenlas cos seus fondos propios.

Polo tanto eu o que lle digo ó Presidente da Deputación é que tome as rendas, que deixe de mandar ó seu emisario político, ó Secretario Xeral, andar pola provincia a cargo da Deputación, cos medios de prensa da propia Institución, sacando fotos en nome do Partido Socialista; é tremendamente lamentable, e nós o que facemos é reprobarllo para que non volvan pasar neste período electoral en que imos entrar outro tipo de comunicados coma estes”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“A verdade é que cando me plantexaron o tema desta moción non a tiña lido con detenimento, e faime gracia, está ben que fagan propaganda porque ás veces tamén se encontran algúns anuncios que son simpáticos, como aquel dun Alcalde que sae recibindo a Copa Deputación do anterior Presidente da Institución, Sr. Cacharro, pintoresco!, porque encima nós durante moitos anos do goberno de Cacharro dicíamos que aquel era un goberno e unha actuación caciquil, clientelar e corrupta.

E a verdade é que me fixo moita gracia ese anuncio, que obviamente pagamos todos, a Deputación, o Concello, etc., e que é un exemplo da utilización deste sistema. Pero nada nos pode estrañar cando estamos a falar de oito millóns de euros anuais que se adican a propaganda, trinta e dous millóns nesta lexislatura, que podían ter adicado a estradas perfectamente e que non o fixeron, pero a realidade está aí.

É verdade que cando entramos aquí, e eu era Deputado do goberno socialista, non do goberno sanchista, falabamos de rexeneración da Deputación, hoxe podemos falar de dexeneración da Deputación Provincial; porque incluso volvemos á época de Cacharro, aquilo que nós dicíamos de entregar cheques en man que facía o Partido Popular nas comunidades veciñais e que recibiu varias sentenzas xudiciais, vólvese facer agora, sacan a foto do Presidente entregando cheques para as entidades termas, ou sexa que se algún cidadán desta provincia pode ir a unhas termas é grazas

a que o Presidente da Deputación lle entrega un cheque coa súa foto e coa súa persoa senón sería imposible.

Por tanto máis utilización partidista e indecente desta Institución é difícil encontrala, pero todo se supera, porque despois de escoitar a intervención do Sr. Alvaro Santos onde xa o cinismo é total e absoluto porque encima están contentos de que os reprobaran, co cal se están contentos eu vou dar o voto a favor para volvelos reprobar, pero terían que pensar que ó fin e ó cabo teñen a dous dos máximos representantes desta Institución, algo que non pasou en moitos anos, reprobados, a Alcaldesa de Lugo e o Presidente da Deputación, por certo “D. Darío primero el reprobado”; pero queren insistir, hoxe tamén imaxino que lles meterían inxección en vea e algo de adrenalina e veñen sobrados, pero a verdade é que mirando para atrás, porque a isto hai que engadirlle a utilización indecente da TIC, aquí aprobamos unhas fórmulas de utilización da TIC cando se fixo o traspaso á Deputación das que nada máis se volveu saber; e a isto hai que engadirlle a utilización de fondos públicos para intereses partidistas, e habería que engadirlle moito máis, e probablemente non merecerían só esta reprobación senón que merecerían algunha máis.

Non vou entrar nas afirmacións do Sr. Alvaro Santos porque dende logo contestar ás mentiras e á falta de verdade, que é algo que caracterizou esta lexislatura, porque aquí a mentira e utilización de fondos públicos para uso partidista foi total e absoluta, entón eu non podo máis que votar a favor disto, e lamentar que esta lexislatura que remata tivera sido como foi, pero cadaún teremos a parte de responsabilidade e os cidadáns xulgarán no futuro”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu aquí non estou dicindo en ningún momento que un goberno dunha institución non poda publicitar o traballo que fai, creo que é algo que fan todos en maior ou menor grao e entra dentro do xogo político que unha institución publicite o traballo que fai, iso é evidente e ninguén o nega; pero aquí non estamos falando de que a Deputación publicite o traballo que fai, estamos falando de que se publicite con cartos da Deputación un traballo que fai un Partido Político.

Aparte diso, tal e como están plantexados eses titulares estase mentindo, porque non existe interpretación, “o Partido Socialista fai”, “o Partido Socialista gasta”, non é “o Partido Socialista impulsa que o goberno faga” senón que é que “o Partido Socialista gasta”, e iso é mentir, co que creo que se pasan tódalas liñas posibles. Insisto, sen cuestionar, que habería moito que falar do tema, que tódalas institucións publicitan o seu traballo, e lóxicamente os Partidos que substantan esas institucións dentro dos seus órganos partidarios é perfectamente lícito que fagan o que consideren oportuno; aquí o que estamos é, en nome da Institución, usando recursos da mesma, dicir que o diñeiro o gastou o Partido Socialista neste caso; en caso contrario soaría ridículo, porque imaxinen algún titular da Deputación que dixerá “o Partido Socialista provoca as fochancas que hai na estrada de Navia a Fonsagrada”, ou “o Partido Socialista paraliza as obras de arranxo da estrada de Navia a Fonsagrada”, sería completamente absurdo, pois se é absurdo nunha dirección tamén ten que selo na outra.

Dende logo eu creo que é bastante entendible, e non sei que beneficio pode causar, porque iso provoca por exemplo que algúns xa non leamos as noticias da Deputación, eu destes titulares entereime agora cando os vin na moción porque xa un pasa de toda a información que ven da Deputación porque sabe que é completamente sesgada, e creo que a maioría da poboación nin sequera os mira porque xa saben o que din segundo pon “Deputación de Lugo” antes de lelo.

Creo que estas prácticas non son entendibles e hai que erradicalas xa, porque incluso a imaxe que verte sobre as institucións deixa moito que desexar”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sr. Armesto, se vostede fose Secretario Xeral do PSOE non sería o Partido Socialista, polo tanto esa posibilidade creo que está bastante lonxana.

Non lle imos pedir perdón por gobernar porque é a función que temos na Deputación Provincial; e non lle imos pedir perdón por distribuir os recursos dun xeito obxectivo e equitativo; nin lle imos pedir perdón porque entre o ano 2016 e 2019 o goberno socialista da Deputación

promovese a chegada de 145 millóns de euros ós 67 concellos da provincia; non lle imos pedir perdón polo 1.926.000 euros que se xestionaron no concello de Abadín, ou polo 1.600.000 euros do concello de Alfoz; tampouco lle imos pedir perdón os socialistas porque Antas de Ulla tivese 1.500.000, o mesmo que Baleira; ou 1.700.000 euros de Baralla; dous millóns e pico de euros de Barreiros; ou os case 8.000.000 de euros de Becerreá.

Tampouco lle imos pedir perdón polo 1.342.000 euros de Bóveda; os 2.400.000 de Burela; 1.678.000 de Carballedo; os 2.393.000 de Castroverde; os 2.900.000 de Cervantes; o 1.600.000 de Cervo; os 2.000.000 de Chantada; os 2.200.000 do Corgo; os 2.270.000 de Cospeito; o 1.634.000 de Folgoso do Courel; os 2.854.000 da Fonsagrada; os 2.320.000 de Foz; os 2.500.000 de Friol; os 2.375.000 de Guitiriz; 1.800.000 de Guntín; 1.778.000 do Incio; 1.600.000 de Láncara; 1.700.000 de Lourenzá; 1.300.000 de Meira; os 3.500.000 de Monforte; 1.800.000 de Monterroso; 1.800.000 de Muras; os 3.000.000 de Navia; 1.175.000 euros de Negueira de Muñiz; 1.800.000 do concello de Ourel; 2.000.000 para Palas; 1.955.000 para Pantón; 1.600.000 para Paradela; 1.200.000 para Páramo; 2.400.000 para A Pastoriza.

Non lle imos pedir perdón tampouco polo 1.387.000 de Pedrafita do Cebreiro; nin polo 1.839.000 da Pobra do Brollón; ou polos case 2.000.000 de euros de Pol; os 2.900.000 da Pontenova; 1.300.000 para Portomarín; 1.900.000 para Quiroga; 925.000 para Rábade; os 3.250.000 de Ribadeo. Tampouco creo que teñamos que pedir perdón por eles, como tampouco polo 1.700.000 de Ribas de Sil; o 1.300.000 de Ribeira de Piquín; o case 1.500.000 de Riotorto; 1.700.000 en Samos; 2.400.000 en Sober; 1.177.000 en Triacastela; 1.583.000 no Valadouro; 1.456.000 no Vicedo; 3.384.000 en Vilalba; 2.838.000 en Viveiro; ou 2.364.000 en Xermade.

Pero tampouco sei porque queren reprobar que o goberno socialista da Deputación facilitase que chegase a Xove 1.688.000 euros; a Taboada 1.984.000 euros; a Sober 2.417.000; dous millóns e pico ó Saviñao; 3.153.000 a Sarria; 1.900.000 a Outeiro de Rei; 1.804.000 a As Nogais; 1.839.000 a Mondoñedo; 7.587.000 a Lugo; ou ese 1.855.000 a Guntín.

Polo tanto dígolle de verdade que non creo que teñamos que pedir perdón por gobernar a Deputación lexítimamente porque, pese a vostedes, pese ó seu modelo de facer oposición,

poidamos ir a tódolos concellos da provincia de Lugo os socialistas presumindo de que xestionamos investimentos nos 67 concellos, vostedes non, xa o viron, 48 con convenio e 19 sen el, esa é a diferenza”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“Eu creo que fixo o maior exercicio de cinismo e de caradura que se puido ver nunha Institución. Vimoslle plantexar un tema que incumpre calquera Lei, dende a Lei Electoral a calquera outra, que o Partido Socialista se asigna uns investimentos; e vostede ven aquí cun cinismo que roza a ilegalidade, e o único que nos plantexa, mire como o debe ter vostede de mal, xa vexo a cara dos seus compañeiros perdidos por aí abaixo, que o único que ten como argumento é poñerse a dar unhas cifras duns concellos, porque non mos dá dende o 2015 para atrás?, porque o que me está dando é un Plan Único que impulsamos dende a oposición; porqué non me dá os resultados de investimentos e me conta o que investiron vostedes ata o ano 2015?.

Menos mal que a provincia só ten 67 concellos, porque se chega a ter cen tennos aquí ata mañá, sumounos?, porque eu creo que unha Deputación que ten máis de setenta millóns de Presuposto por catro anos e vostede nos falou duns investimentos que deben rondar os cincocentos millóns de euros.

Por tanto que desfachatez que teña como único recurso falar do Plan Único que promoveu, e trouxo aquí a oposición, porque cando vostedes tiveron maioría para facelo nunca un céntimo deses investimentos chegaron a ningún concello, alo menos ós gobernados polo Partido Popular, E agora, como única defensa, nos di que non hai porque reprobalo, claro que hai que reprobalo, isto había que reprobalo e tomar máis medidas.

En todo caso, o que plantexa o Grupo Popular nesta moción é que se reprobe este comportamento do Goberno, e esixirlle ó Presidente da Deputación que tome as rendas da comunicación nesta Institución, e que non se volva repetir en ningún caso isto que nos parece unha república bananera, non vimos iso por parte de ningún concello, de ningunha Xunta, de ningún

Estado; Sr. Alvaro, tome medidas, non todo vale, non pode converter unha Institución na sede do Partido Socialista”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Pleno da Corporación, por maioría, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- CONTA DAS RESOLUCIÓN S DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Dáse conta das Resolución s da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e nove de marzo de dous mil dezanove, e que figuran inscritas no Libro de Resolución s numeradas dende o 0715 ao 1045, O Pleno da Corporación queda enterado.

10.- COMUNICACIÓN S DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTOS DE URXENCIA

O Sr. Presidente manifesta que hai dúas moción s de urxencia, unha do Grupo Provincial do BNG e outra do Grupo Provincial Socialista, das que se procederá en primeiro lugar á votación da declaración de urxencia e, en caso de ser aprobada, o debate e votación das mesmas.

PRIMEIRO.- Moción do Grupo Provincial do BNG para que a Deputación proceda a reanudar as obras da estrada de Navia á Fonsagrada e reabra o tramo que leva varias semanas cortado ao tráfico.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte Moción de urxencia para que a Deputación proceda a reanudar as obras da estrada de navia á Fonsagrada e reabra o tramo que leva varias semanas cortado ao tráfico.

Motivación da urxencia

Dado que varios veciños e veciñas da comarca se dirixiron a este Grupo denunciando a situación despois da convocatoria do Pleno e a resolución deste problema non pode esperar un mes máis que tardaría de non tratarse nesta sesión.

Exposición de Motivos

O grupo de goberno da Deputación sempre colleu con desgana e case á forza o arranxo da estrada que veí dende Navia de Suarna á Fonsagrada, a pesares do seu lamentable estado e do que podería aportar ao desenvolvemento da comarca dos Ancares.

Despois de varios anos de abandono, aceptaron empezar a arraxala logo de que o BNG trouxera unha iniciativa a este Pleno ao respecto e o puxera como condición para permitir a aprobación dos orzamentos do ano 2017.

Aínda así, os fondos aprobados neses orzamentos non se empezaron a investir ata hai escasamente uns meses, xa no ano 2019, onde empezaron as obras polo lado de Navia. Ademais disto, incluso as baixas de licitación que ascenderon aos 200.000 euros aproximadamente, foron

enviadas para investimentos noutros concellos, no canto de investilas para ampliar a obra uns quilómetros máis, que era o destino para o que foran aprobados eses cartos.

Nesa liña, tanto na aprobación dos orzamentos dos anos posteriores coma na dos remanentes de tesouraría, sempre foron rexeitadas as emendas do BNG na liña de aumentar os investimentos para rematar esta obra o antes posible.

Agora, neste ano, debido á celebración das eleccións municipais e da propia presión da veciñanza da Fonsagrada, parece que tiñan pensado facer algún quilómetro máis por ese lado.

Con toda esta situación, as veciñas e veciños de Navia e da Fonsagrada están a asistir atónitos como as obras polo lado da Fonsagrada se paralizaron estes días, retirando incluso a maquinaria, paralización que polo lado de Navia xa se fixo hai máis dun mes.

Pero o absurdo da situación aínda non remata aquí, pois paralizan as obras, retiran a maquinaria e deixan cortada a estrada, obrigando ás persoas que circulan por ela a dar un rodeo de 10 Km. Que no caso do transporte escolar se converte en 20 Km. Diarios a maiores das xa moi elevadas distancias que nesa comarca teñen que recorrer para levar ao alumnado aos colexios correspondentes.

E por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno a facer todo o que sexa necesario para reabrir na maior brevidade posible o tramo pechado na estrada de Navia a Fonsagrada.

2º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a poñer en marcha as medidas que sexan necesarias para que as obras desta estrada continúen ata a súa finalización no menor tempo posible”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Esta moción é para instar ó goberno da Deputación, non para instar ó Partido Socialista, isto que quede claro por se houberse confusión entre unha cousa e a outra.

A urxencia radica en que fomos coñecedores despois da convocatoria do Pleno, senón con seguridade o tiveramos traído como algo ordinario, dado que incluso algunha das mocións que trouxemos podía esperar perfectamente para o mes que ven.

A realidade é que é unha estrada de moitísima importancia, pola que circulan moitos veciños e veciñas da comarca, aparte do propio transporte escolar, e o certo é que están as obras paralizadas; pero non só se paralizaron as obras senón que quedou a estrada cortada ó tráfico, co cal para pasar dun lado a outro teñen que facer un rodeo de 10 quilómetros que non é ningunha broma. E se iso sempre é grave para calquera persoa que teña que pasar por ese lado, imaxinemos o transporte escolar que xa teñen percorridos que bordean o máximo legal que son os sesenta minutos, e con este rodeo dende logo pásanse de longo do límite legal dunha hora en que poden estar os nenos no transporte escolar.

E é urxente porque moito nos tememos que se isto ven ó seguinte pleno cando as eleccións municipais xa teñen pasado, co cal incluso é moi posible que as obras, cando menos as do lado da Fonsagrada, non só se paralicen senón que xa non volvan comezar; por tanto creo que é moito mellor tratalo agora por se hai algunha posibilidade de que as obras continúen ata ser rematadas. E aparte diso non imos ter ós veciños e veciñas de Navia de Suarna e da Fonsagrada dando un rodeo de 10 quilómetros cada vez que van por esta estrada.

Por tanto eu solicito que se acepte a urxencia e que debatamos a moción”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á declaración de urxencia da moción; polo que a continuación se pasará ao debate e votación da mesma.

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Para nós e para os veciños desta zona esta estrada é un tema moi importante, que por desgraza pensamos que o actual goberno da Deputación lle tivo sempre un pouco de deixadez. Cando o BNG trouxo unha moción a este Pleno para que fora arraxada aprobouse a moción, logo meteron tamén, a proposta do BNG, unha cantidade nos Orzamentos do 2017, pero as obras non empezaron ata hai escasamente uns meses.

Tamén pola propia presión da veciñanza do lado da Fonsagrada aprobouse outra partida económica para facer outro tramo, sempre regateando, polo lado da Fonsagrada, pero mandaron para alí unha pá que está aparentando que empeza as obras e aínda así a metade dos días desaparece e non hai ningún tipo de maquinaria traballando.

Ademáis incluso para demostrar o pouco interese que ten o actual goberno da Deputación en traballar nesta estrada, dicir que na licitación do tramo de Navia o que é a baixa na licitación no canto de empregala para o que fora aprobado neste Pleno, ese diñeiro retirouse e foi parar ós remanentes que logo se reparten como todos sabemos, no canto de facer un quilómetro ou cincocentos metros a maiores do tramo que estaba aprobado.

É máis, aquí neste Pleno rexeitáronse en dúas ocasións cando menos emendas do BNG para incluír partidas superiores para arranxar máis tramos tanto nos Orzamentos coma no reparto de remanentes, co cal a falta de interese é manifesta, cuestión que nos parece que tamén é reproable politicamente ese tipo de actitudes.

E dende logo o que é totalmente inaceptable é que empecen unhas obras uns días antes dunhas eleccións municipais, que se fixeron ademáis pola presión veciñal, que se leve unha pá e que estea tonteando, hoxe traballa, mañá non, simplemente para facer o paripé de que se está

intentando facer algo ante as eleccións municipais, que nos tememos que unha vez que pasen a pá desapareza e a estrada volva quedar esquecida; no caso do lado de Navia obras paralizadas e estrada cortada, e é algo totalmente alucinante que isto poda pasar, co cal instamos ó goberno da Deputación a que remate as obras o antes posible, tanto unhas coma outras que están aprobadas, e por suposto que xa de forma urxente desbloquee o curte ó que está sometido esta estrada”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para manifestar o seu apoio á moción.

Neste momento auséntase da sesión a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez.

Seguidamente intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, para dicir o seguinte:

“Dicirlle ó Sr. Ferreiro que as obras pola parte de Navia están no seu período de execución, o prazo remata a finais de xullo. Hai un desvío alternativo que así se estableceu e se dotou dunha nova rodadura precisamente para que o transporte escolar puidese circular sen problemas.

E dicirlle tamén que neste momento, a piques de rematar o desmonte, o problema que xurdiu foi con dous postes que hai naquela zona e que están tamén a piques de retirarse. É un problema que soe xurdir en moitísimas obras, e tampouco é un problema novo nin nas obras da Deputación, nin nas obras dos concellos, e moito menos nas obras da Xunta. É un problema puntual que está a piques de solucionarse, despois acabarse de abrir ese tramo que queda. A carretera está cortada porque está en prazo de execución, non hai ningún outro motivo para que estea cortada, esta estrada vaise cumprir e vai respectar os prazos de execución establecidos.

E pola parte da Fonsagrada empezáronse as obras, non se van paralizar despois das eleccións, así que estea tranquilo Sr. Ferreiro porque diso xa me encargo eu. E miren se son vostedes dilixentes que o venres pasado unha máquina sufriu una avaría, levouse a reparar, e esta fin de semana xa volvía estar na obra; co cal empezouse cunha máquina porque os desmontes pola

zona onde se empezou son pequenos, estaba chovendo moito, e meter gran número de maquinaria e neses días con tanta auga cortar a carretera non tiña ningunha motivación.

Dicirlle que se está traballando, e agradezo o seu interese en que a carretera saia adiante. Dicirlle que foi nesta lexislatura precisamente cando se axilizou o tema de maneira que a carretera da Fonsagrada a Navia se executara. E dicirlle tamén que lóxicamente os que vivimos nesa zona temos o máximo interese en que esa estrada se remate. As obras están dentro do previsto, ademáis unha vez que están contratadas en firme pola Deputación non hai ningunha cousa, ou alo menos ata agora non sucedeu, para que as máquinas se retiraran para non executar esa obra”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Dicirlle, despois de catro anos de goberno menos catro meses, “tranquilo Sr. Ferreiro que xa estamos nós aquí e xa nos encargamos”, moita tranquilidade non nos dá, porque o que está claro é que durante todo este tempo moita tranquilidade non deu porque senón non faría falta presentar esta moción de urxencia.

En todo caso manifestamos o noso voto favorable, e xustificamos apoiar a vía da urxencia pola circunstancia que dixo de ter a vía cortada”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Moi brevemente porque o problema está plantexado e enténdese con facilidade.

É certo que cando hai unhas obras é normal que nun momento para poder realizalas haxa que facer un desvío, iso entra dentro do normal; o que non é normal é que as obras se paralizaran hai un mes e que leve un mes a estrada cortada, iso non pode ser admisible, non pode estar unha estrada que é necesaria cortada sen haber obras durante un mes, incluso obrigando a incumprir o Regulamento que di que os nenos que van no transporte escolar estean menos dunha hora no

transporte, iso é imposible de cumprir dando un rodeo de 10 quilómetros; porque isto aféctalle ós dous, tanto nunha dirección coma noutra, tanto ós que veñen a Navia e os que van á Fonsagrada, por tanto isto é algo completamente inaceptable.

E para ser serios, paralizada estivo durante anos por non dicir décadas, co cal créome calquera cousa do que poida pasar no futuro; é verdade que quen o fai é o goberno da Deputación, pero tamén é certo que quen trouxo o problema e o puxo enriba da mesa foi o BNG, pero non arreglou o BNG a estrada senón que puxo o problema aquí nesta Institución, e logo arreglouna o goberno da Deputación non o Partido Socialista Obrero Español, que é algo que ten bastante que ver coa moción anterior.

En todo caso por favor, e entramos xa se queren en algo fóra do que é a solicitude política, porque asegúrolles que hai veciños e veciñas da zona que están moi preocupados co rodeo de 10 quilómetros que teñen que dar cada vez que teñen que pasar por esa zona, e iso é perfectamente evitable, é unha cuestión de dilixencia, non sei se apretando á empresa ou de que o faga a propia Deputación, dá igual cal sexa o sistema, o Goberno terá que dotarse de mecanismos para poder solucionalo, pero non pode estar cortada nin un día máis”.

Neste momento auséntase da sesión a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto.

Intervén o Sr. Vicepresidente, D. Argelio Fernández Queipo, no seguinte sentido:

“O concello de Navia púxose en contacto co departamento de Vías e Obras desta Deputación precisamente no momento que se paralizou a obra polo lado de Navia, fixéronse as xestións oportunas coa concesionaria da subministración eléctrica, neste momento estase solucionando ese problema, e nos próximos días espero que dunha vez por todas se reanuden as obras.

De todas formas o que lle podo dicir é que non hai ninguén máis interesado có Alcalde de Navia e o Alcalde da Fonsagrada en que estas obras rematen da mellor maneira e o máis rápidamente posible.

Eu sei que vostede neste momento ten un gran interese en sacar un rédito electoral precisamente dun tema que non ten rédito electoral; a Deputación, como titular desa infraestrutura, propuxo acometer unhas obras, esas obras están adxudicadas e estase a traballar nelas. Por tanto estean tranquilos que o 26 logo pasa, e unha vez que pase xa se lles acaba tamén a ansia”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Quizá o máis intelixente era non intervir porque co acostuada que estou a que tódalas reflexións negativas sexa o PP, pero encántame ver este debate e asistir como expectadora. Pero se me permite voulle dicir que a Delegación que preside non leva unha nota moi positiva; eu tiven que traer aquí o arranxo dun pequeno socavón, que empezou sendo un bache pero, co tempo que me ignorou como Alcaldesa, acabou sendo un verdadeiro perigo para a seguridade. E é normal que cando se poñen enriba da mesa suspensos en xestión, se coincide cunha cita electoral, se asocie esa preocupación a un rédito electoral; vostede sabe que no meu caso non era así porque ademáis levaba un ano detrás de vostede, case literalmente.

Por tanto creo que son os exemplos que evidencian que funcionamos ou non funcionamos, ou é unha prioridade ou non o é, e unha estrada cortada un mes é unha razón obxectiva para darlle un suspenso en xestión; e sobre todo para pedirlle, porque como todo o que poidamos dicir de aquí ó 26 vai dicir que é porque hai eleccións xa me adianto por se acaso o pillamos nalgunha circunstancia similar, que eu creo que ten que actuar cun pouco máis de dilixencia cando se lle expoñen uns problemas; probablemente sexa por causas alleas á súa vontade, e tamén sabe que sempre lle fago estas aportacións dende o máis esquisito respecto e afecto, pero é verdade que esta Delegación necesita mellorar.

Creo que ten que implicarse vostede un pouco máis porque recursos teñen, e hai infraestruturas que vostede pode dicir que saldou unha débeda histórica porque é verdade que levan anos suficientes como para dicir que hai incumprimentos de décadas, porque levan gobernando doce anos, pero xa que por fin o puxo en marcha, alo menos nestas vicisitudes do día a día intente

axilizar o máximo posible para que despois non lle tiremos das orellas, aínda que non lle afecte no seu rédito electoral pero si polo benestar dos veciños que ó fin e ó cabo 10 quilómetros é un rodeo bastante importante”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Por desgraza o rédito electoral que se pode sacar nesa zona tendo en conta os poucos habitantes que están a quedar cada vez é menor; pero con cousas coma estas van quedar aínda moitos menos porque van desaparecer moitos máis.

De vostede non podo dicir nada, porque é o primeiro mandato no que está aquí, pero falarlle do interese que demostrou o Alcalde de Navia por esta estrada despois de estar aquí oito anos como Deputado e non cambiar absolutamente nada desa estrada, a verdade é que non foi moito, máis ben creo que foi escaso por non dicir desprezo por amañar esta estrada; é certo que a vostede iso non llo podo dicir porque no primeiro mandato en que estivo cando menos empezáronse as obras, fora polo motivo que fora, o importante é que comezaran, non se van rematar pero empezáronse.

O importante sería que solucionaran o problema que é realmente o que importa nesta cuestión”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, tendo en conta que o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega e as Sras. Deputadas D^a. Mayra García Bermúdez e D^a. M^a del Pilar García Porto ausentáronse da sesión, o que se considera a efectos de votación como abstención segundo sinala o artigo 100 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultados: votos a favor, 22 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións 3 (correspondente ó Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega e ás Sras. Deputadas D^a. Mayra García Bermudez e D^a. M^a. del Pilar

García Porto que se encontran ausenten do Salón de Plenos). Polo que o Sr. Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

SEGUNDO.- Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o servizo de transporte sanitario urxente terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción de urxencia do Grupo Provincial Socialista sobre o servizo de transporte sanitario urxente terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Exposición de Motivos:

A Sanidade Pública é un dos servizos dos que dispoñemos que máis igualdade xera entre a cidadanía. Comprende dende a atención primaria, especializada, diagnóstica, cirúrxica ata a urxente.

A asistencia sanitaria urxente ten unha metodoloxía propia pola singularidade da mesma, como se desenvolve, a que demanda responde ou como se planifican os recursos cos que dar resposta aos doentes que precisan de inmediatez na súa atención.

Moitos dos episodios de asistencia sanitaria urxente conlevan a prestación do servizo ao doente no punto no que se produce o episodio así como o traslado do mesmo á institución sanitaria que se considere.

Polo tanto, o transporte sanitario, resulta así un elemento capital entre os recursos sanitarios, pois non é un mero medio de desprazamento, pois a dotación non consiste

exclusivamente nun vehículo, senón que a dotación de persoal é fundamental para o resultado da intervención.

En Galicia a xestión do transporte sanitario urxente terrestre de doentes corresponde á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia – 061, dependente da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Acaba de ser publicada a licitación para a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, polo tanto o contrato para o transporte sanitario urxente de Galicia.

Máis aló de outras consideracións, a Provincia de Lugo vese afectada de novo polas modificacións na prestación de servizos sanitarios que dende a Xunta de Galicia se impulsan e sempre son en detrimento da calidade asistencial.

Segundo as cláusulas publicadas, “as ambulancias deberán dispoñer de un condutor que estea en posesión do título de formación profesional de técnico en emerxencias sanitarias, previsto no Real Decreto 1397/2007, de 29 de outubro, ou correspondente título estranxeiro homologado ou recoñecido ou dispoñer de habilitación para esta clase de vehículos e outro en funcións de axudante que ostente, como mínimo, a mesma titulación”.

Isto significa que, con carácter xeral, cada ambulancia estará dotada con 2 técnicos en emerxencias sanitarias, o que vén sendo normal e razoable na dotación de persoal das ambulancias de transporte sanitario urxente.

Sen embargo, as cláusulas na actual contratación recollen unha serie de excepcións para este período de servizo e que afectan de xeito importante á Provincia de Lugo, pois recolle textualmente o seguinte:

“A excepción de:

AA-SVA-E: disporán de un so técnico condutor titulación citada.

AA-SVA-M con Base en Foz: disporá de un so técnico condutor coa titulación citada.

AA-SVA-M con Base en Monforte: disporá de un so técnico condutor coa titulación citada.

AA-SVA-M con base na Comarca do Salnés: disporá de un so técnico condutor coa titulación citada.

Polo tanto, as ambulancias de soporte vital avanzado, medicalizadas, de Foz e Monforte non contarán con un segundo técnico en emerxencias sanitarias, o que conleva unha limitación grave na súa capacidade de resposta ante as emerxencias para as que sexa demandada a súa asistencia.

Este feito, que significa unha clara diferenza con outras unidades que prestan asistencias en outras zonas, é unha nova discriminación e ataque ao sistema sanitario público na Provincia de Lugo que nos sitúa neste plano nunha clara desvantaxe asistencial respecto de outras zonas de Galicia, así como provoca diferencias dentro da mesma Provincia de Lugo.

En prol de que a asistencia sanitaria que reciba calquera lucense ante unha emerxencia non dependa de onde reside ou onde se atope, así como de que se deixe de discriminar á Provincia de Lugo en canto a recursos sanitarios respecto de outras provincias galegas, dende o Grupo Provincial Socialista sometemos á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Esixir á Xunta de Galicia a paralización do procedemento de Contratación do Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e modificar as prescricións técnicas do mesmo de xeito que as ambulancias da Provincia de Lugo contén coa mesma dotación de persoal que as do resto de Galicia, así como que a dotación de técnicos en emerxencias sanitarias das ambulancias obxecto do presente contrato nunca sexa inferior a dous.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061”.

Neste momento incorpóranse á sesión o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega e as Sras. Deputadas D^a. Mayra García Bermúdez e D^a. M^a. del Pilar García Porto.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A moción de urxencia que presenta o Grupo Provincial Socialista é sobre o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061; e a urxencia ven motivada porque se veñen de publicar os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexen este procedemento de contratación, e no que a provincia de Lugo novamente segue sendo lesionada pola planificación de recursos sanitarios proposta pola Xunta de Galicia, neste caso pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Como o que pretendemos é trasladar a preocupación da Deputación de Lugo, e solicitar que se suspenda esta contratación e se modifique de xeito que as ambulancias da provincia de Lugo contén coa mesma dotación que as do resto das provincias de Galicia, entendemos que é urxente xa que están recentemente publicados dende onte estes pregos, o que motivou que tampouco puidéramos presentar a moción con anterioridade pois non coñeciamos o contido das prescricións técnicas e administrativas desta contratación”.

Efectuada a votación da declaración de urxencia da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Sr. Deputado non adscrito). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a declaración de urxencia da moción.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai un Rogo do Grupo Provincial Popular e unha serie de Preguntas dos distintos Grupos Provinciais, que se respostarán a continuación.

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á estrada LU-P-1401, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o próximo pleno da Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A estrada de titularidade provincial LU-P-1401, que une Doiras con Piornedo, leva pechada desde o pasado verán, cando as choivas provocaron unha serie de desprendementos que danaron a estrutura por completo.

Durante os últimos días os medios de comunicación fixéronse eco das queixas dos veciños e veciñas de Cervantes ante esta situación e sobre a inexistencia dunha sinalización adecuada indicando rutas alternativas.

Polo tanto, o Grupo Provincial Popular rógalle á Excma. Deputación Provincial de Lugo a que leve a cabo, de maneira prioritaria, todas as actuacións necesarias para o arranxo dese tramo da estrada LU-P-1401, que une Doiras con Piornedo, e mentres siga sen estar aberta ao tráfico se instale unha sinalización adecuada indicando rutas alternativas”.

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, o seguinte sentido:

“En canto a esa estrada que vai hacia Piornedo o acordo a que chegara a Deputación coa empresa que ten asignada a reparación desa vía era que, unha vez colocadas as lousas como están colocadas, o resto da obra se faría nunha época que non chovese, íase acometer nesta primeira parte do ano pero as augas o impediron e tecnicamente así se concretou de maneira que as obras non seguiron para adiante ante o risco de execución que podían ter.

É sabido que naquelas zonas tan pendentes, pola cantidade de auga que baixa, a execución das mesmas trae acompañado un perigo mesmo para a xente que pode estar traballando nelas, e proba diso é a riada que levou as estradas por diante. Non obstante eses desvíos en precario para que a xente puidese pasar alimentar ó seu gando están habilitados.

Dicir tamén que a sinalización que reiteradamente se colocou foi tirada polo monte abaixo e non se sabe por quen, pero efectivamente a sinalización non existe na estrada porque unha vez que se coloca volven tirala monte abaixo; ese é o motivo de que a sinalización estea así, e espero que nesta época de estiaxe que espero que nos acompañe nestes meses o remate desas obras se solucione de xeito rápido a partires de que se comecen”.

PREGUNTAS

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, en relación co Parque Móvil Provincial, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o 26 de febreiro desde o Grupo Provincial Popular presentamos a seguinte pregunta: “¿En que zonas da provincia de Lugo, de forma detallada, realizou o Parque Móvil Provincial actuacións de mantemento da rede viaria provincial durante o último trimestre?”

A mesma non tivo resposta por parte do Goberno Provincial alegando que non tiveran tempo a preparar a resposta e que responderían no seguinte Pleno.

Na seguinte sesión plenaria celebrada pola Corporación Provincial, o 26 de marzo de 2019, o Sr. Vicepresidente da Deputación de Lugo indicou o seguinte: “Queda unha pregunta que é verdade que se nos pasou, en relación co Parque Móvil, e na próxima sesión responderémolla”.

Visto que en dúas sesións plenarias non obtivemos resposta por parte do Goberno Provincial sobre este asunto, desde o Grupo Provincial volvemos a trasladar a seguinte pregunta:

- ¿En que zonas da provincia de Lugo, de forma detallada, realizou o Parque Móbil Provincial actuacións de mantemento da rede viaria provincial durante o último trimestre?”.

Intervén o Sr. Vicepresidente D.Argelio Fernández Queipo, no seguinte sentido:

“En canto a esta pregunta dicirlle que os equipos de rego nese trimestre que se pregunta estiveron nas zonas de Lourenzá, Sarria, Viveiro, Xermade, e Lugo; os equipos de limpeza estiveron en Lourenzá, Incio, A Fonsagrada, Cervantes, e en Láncara; e o equipo de bacheo de aglomerado en frío estivo nas estradas provinciais, na 1611 e na 1607 nas zonas de Castro de Rei e de Cospeito. Eses foron os traballos que desenvolveron os equipos de rego, os equipos de limpeza, e o equipo de bacheo en frío”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Tendo en conta que esta Pregunta rexistrouse o 26 de febreiro, e que houbo un retraso considerable na contestación, non estaría de máis un pouco máis de concreción sobre o tempo que estiveron en cada concello, e efectivamente o tipo de obras que fixeron, tendo en conta especialmente o retraso que houbo na contestación creo que debera fundamentarse a resposta dun xeito un pouco rigoroso”.

Seguidamente intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, para dicir o seguinte:

“Eu entendía que vostede o que quería saber era en que zonas se estivera traballando, e eu pásolle as zonas; vostede quere que se explique pormenorizadamente e por días que se traballou nas distintas zonas, e paréceme que ese non é un tema, independentemente de que se poda dar, que

nos deba preocupar, creo que iso ven dado precisamente polo funcionamento diario do Parque Móvil”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“En aras á transparencia en primeiro lugar creo que é moi acaída a pregunta, pero estou segura de que ó resto de concellos que non viron o Parque Móvil nos últimos doce anos seguramente lles interesaría saber os días que estiveron que, por certo, tendo en conta unha das propostas que levou o seu Secretario Xeral en aras ó reequilibrio de fondos, creo que ese mesmo espírito e filosofía debía aplicarse á concesión do Parque Móvil; se non recordo mal creo que Lourenzá, Samos, Xermade, Sarria, e Lugo, un concello que ten un orzamento superior á Deputación Provincial que teña o Parque Móvil a disposición do concello de Lugo como mínimo resulta un pouco criticable”.

A continuación intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, quen manifesta o seguinte:

“Non digo que non sexa criticable, vostede ten a potestade de criticar todo isto, pero vostede preguntoume onde estiveron os equipos e iso é o que lle dixen, non teño outra resposta máis ca onde estiveron”.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, en relación co permiso de actividade das residencias de Trabada e Pol, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Os Centros de Atención a Maiores construídos nos Concellos de Trabada e Pol teñen concedido o permiso de inicio de actividade a nome da Deputación de Lugo ou a nome dos respectivos Concellos?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido.

“En canto a esta pregunta que foi rexistrada o 25 de abril co número de Rexistro 9638, atópase toda a información nos expedientes de tramitación ós que pode acceder e consultar calquera Deputado Provincial”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Eu creo que é unha pregunta concreta que debe ter unha resposta concreta; a pregunta é se os concellos de Trabada e Pol teñen o PIA a nome da Deputación ou dos respectivos concellos. Paréceme unha falta de respecto que me remita a que están nos expedientes, se eu quixera ir ós expedientes non lle facía unha pregunta no Pleno; a pregunta é moi clara, téñeno?, si ou non?, e a nome de quen. Eu non sei que opacidade ten vostedes interese en ocultar”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“Absolutamente ningún, como tampouco o teño en desconfiar da súa capacidade e intelctualidade, polo tanto reitérolle que toda a información se atopa nos expedientes de tramitación ós que pode acceder e consultar.

A maiores, porque antes creo que se confundiu, tamén o invito a que revise a propia páxina de información da Deputación Provincial, que tanto escozor lle produce, para que vexa que si que hai algunha residencia da terceira idade aberta, pese a vostedes, ó Partido Popular, e ás súas trabas e recursos xudiciais; as residencias da Deputación están abertas lexítima e legalmente”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Presidente, isto non é a pregunta que nos ocupa, non me contesta á pregunta e ven cunha retórica. A pregunta, con arreglo ó Regulamento debe ter unha resposta no Pleno de “si” ou “non” como acaba de facer o Vicepresidente. Aquí hai unha pregunta moi concreta que é se teñen permiso e a nome de quen, se da Deputación ou dos concellos, eu creo que por un respecto a esta Institución...”.

Neste momento o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega interrompe a intervención para dicir que vai contestar el á pregunta, manifestando o seguinte:

“A miña vaise abrir con permiso ou sen permiso; xa sei que vostedes están pendentes disto, así que a vou abrir, póñase do lado do Sr. Martínez porque a vou abrir, e non hai máis que falar”.

O Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez aplaude as palabras de D. Lino Rodríguez Ónega, e esté respóndelle “e miras para ela e tomas polo cu”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Pídolles calma; e, Sr. Armesto, a vostede pódelle gustar ou non a resposta á pregunta pero xa lle contestou que ten onde tomar eses datos, e creo que non ten máis importancia, vostede tampouco contesta sempre ó que lle preguntan normalmente”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“O Regulamento di que as preguntas terán unha resposta afirmativa ou negativa, iso é coma se o Sr. Vicepresidente di que para saber onde estiveron os equipos de rego que vaia ver os expedientes a Vías e Obras, paréceme unha falta de respecto salvo que non os teña”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Non é o mesmo, penso que vostedes puideron e poden ver tódolos documentos das residencias”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Solicítolle á Sra. Secretaria se pode informar en relación a se a pregunta debe ter unha resposta afirmativa ou negativa ou se serve con que nos remitan a ver un expediente. A pregunta, con arreglo ó Regulamento, será contestada no sentido afirmativo que sexa”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Saben vostedes perfectamente de quen estaban a nome os PIAS, comunicouselle á Xunta de Galicia o cambio de titularidade varias veces e non contestou nada”.

Pide a palabra por alusións o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, séndolle denegada polo Presidente.

Neste momento prodúcese un rifirrafe entre o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez e o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega, e o Sr. Presidente pídelles calma e respecto.

O Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez manifesta o seguinte:

“Falo por alusións do que dixo agora o Sr. D. Lino, aplíquelle a doutrina Martínez, de falta de respecto e bóteo, non ten pelotas a botalo o Presidente”.

Neste momento o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega dílle ó Sr. Martínez Núñez que é “un fillo de madre”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Eu creo Sr. Presidente que a miña nai nisto non pinta nada”.

O Sr. Presidente maniféstalle que o primeiro que faltou foi o Sr. Martínez porque aplaudiu e non ten porque aplaudir.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Pois bóteme por aplaudir, pero non deixe que me insulte; a intervención merecía un aplauso. Eu pídolle a palabra Sr. Presidente por alusións, nomeouse á miña nai, a primeira vez que nesta Institución se di que son fillo de mala nai e que se me mande tomar polo cú, e iso merece unha reprobación e unha resposta por parte de vostede e botalo fóra, porque vostede botoume a min por menos”.

O Sr. Presidente pide respecto, e di que el non oiú iso; e dado que o Sr. Martínez e o Sr. Rodríguez Ónega continúan co seu enfrontamento, manifesta que os vai botar fóra.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Eu non teño porque estar discutindo con este señor, e espero que conste en acta todo isto, porque a falta de respecto é total e absoluta, e dende logo a súa actuación si que merece ser reprobada porque aquí ten que defender vostede a tódolos Deputados e non só ós seus; e cando Manolo Martínez fixo algo, segundo vostede, de moita menor importancia botouno fóra; non lle dixó tres veces “alto” ou tres veces “fóra”, non, traga, porque é compañeiro e amigo seu, pero é un maleducado, e unha falta de respecto total e absoluta a esta Institución e ós Deputados”.

O Sr. Presidente manifesta que el non o oi; e dado que o Sr. Rodríguez Ónega comeza de novo coa discusión, o Sr. Presidente chámalle a atención pedíndolle calma.

Neste momento novamente se procude un enfrontamento entre os Deputados D. Lino Rodríguez Ónega e D. Manuel Martínez Núñez, manifestando o Sr. Martínez que as residencias non están abertas legalmente.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, no seguinte sentido:

“Neste momento nós abandonamos este Pleno porque é unha mágoa que remate así esta lexislatura, o Bloque Nacionalista Galego abandona este Pleno”.

Neste momento, sendo as catorce horas e vinte e tres minutos, abandonan o Salón de Plenos os señores Deputados D. Antonio Veiga Outeiro e D. Xosé Ferreiro Fernández.

O Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, pide a palabra de novo por alusións, non séndolle concedida polo Presidente.

Terceira.- Formulada polo Sr. Deputado non adscrito en relación coa inscrición das residencias no Rexistro Xeral de Bens, do seguinte teor:

“Manuel Martínez Núñez, Deputado non adscrito desta Deputación, ó abeiro da lexislación vixente pregunta para a contestación en pleno:

Ten coñecemento de que por esta Institución se inscribiron as Residencias de Maiores no “INVENTARIO DE BENS” da Deputación, sen ter recibido nin as obras, nin o edificio, nin o terreo, non cumprir a condición suspensiva de “que SUPUSA se reservaba o uso do edificio para cumprir as encomendas de xestión feitas polo Pleno desta Deputación”.

¿Quen deu a orde de realizar a inscrición no REXISTRO XERAL DE BENS, e que consultado no Rexistro da Propiedade segue a nome de SUPLUSA ó igual que as PIAS, para a súa apertura?”.

Intervén o Sr. Presidente para dicir que foi un acordo tomado polo órgano competente.

Pide a palabra o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, e o Presidente maniféstalle o seguinte:

“Se pide a palabra para saber cal é o órgano competente, estudeo, o órgano competente é quen pode tomar as decisións”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez no seguinte sentido:

“Se cadra son eu o órgano competente e non me enterei; porque preguntar cal é o órgano competente e que o Presidente da Deputación, que manda nesta Institución, non o saiba, manda truco!. En todo caso acéptolle a resposta”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“O Deputado non adscrito que leva aquí toda a vida tamén debera saber cal é o órgano competente”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“É que son torpe, e nesta lexislatura aínda non sei que Regulamento se está a aplicar, se o novo, o vello, ou o seu, porque iso depende da decisión que vostede toma cada día, segundo como se levante utilizamos un Regulamento ou outro”.

Cuarta.- Formulada polo Sr. Deputado non adscrito, en relación coa subrogación de persoal, que textualmente di o seguinte:

“Manuel Martínez Núñez, Deputado non adscrito desta Deputación, ó abeiro da lexislación vixente pregunta para a contestación en pleno do día 30 deste mes:

- ¿Quién ha inventado este sistema de acceso a la función pública, utilizando de forma fraudulenta y presuntamente ilegal, una SUBROGACIÓN de personal saltándose los principios de IGUALDAD, MÉRITO, CAPACIDAD y PUBLICIDAD?.
- ¿Esta subrogación se hace ad persona y a trabaladores concretos?, ¿Por qué escogemos a estas tres persoas y no a todas las seleccionadas?.
- ¿Cuál es el origen de la propuesta de la necesidad de la subrogación y donde está el informe jurídico que la sostiene?; ¿cal é o motivo de utilizar unha “puerta falsa”?.
- ¿Quen deu a orde, e cal é o motivo para non terlle comunicado nada, actuado con nocturnidade e aleivosía á entidade na que prestaban servizos?”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Todo isto está no expediente do que ten vostede consulta cando queira, e creo que xa se lle comunicou a consulta”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para preguntarlle ó Presidente a cal das preguntas lle contesta, ó que o Presidente respóstalle que a todas porque están todas elas no expediente.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para pedirlle ó Presidente que lle conteste á primeira, o Sr. Presidente maniféstalle que está xa contestada.

Insiste o Sr. Martínez Núñez en que se lle conteste a esa pregunta, e manifesta que desexa intervir, contestándolle o Sr. Presidente que xa lle respostou á pregunta, que ademáis ten pedido consulta do expediente e xa se lle deu a data de consulta.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Eu pediríalle á Secretaria que diga como se tramitan aquí as preguntas, porque despois da contestación hai un turno de intervención, e vostede estamo cercenando”.

O Sr. Presidente manifesta que para a pregunta non hai turno de intervención, que se contesta por escrito ou oralmente, pero que non ten turno de intervención.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir que ten un turno de réplica.

O Sr. Presidente respóstalle que normalmente se deixa, e que non é o mesmo.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez para dicir o seguinte:

“Ou sexa que é normalmente, pero cando fala Manolo Martínez non ten dereito a replicar. Tamén entendo eu que ten que contestar así ou non contestar porque isto, como dixo o Grupo Popular, é unha tomadura de pelo total e absoluta e unha falta de respecto; como dixeron aquí, agora acércase o final, pero dende logo isto si que é un circo e vostede creouno, e non lle medran os ananos. Grazas, e noraboa pola transparencia e a claridade, e dende logo polo apoio que me deu como Deputado ante os insultos e descualificacións de D. Lino, iso agradézollo profundamente, e imaxino que esta Institución tamén”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e seis minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.